

PLAN OPERATIVO ANUAL 2023

Contido

Introdución.....	4
1. DOCENCIA E APRENDIZAXE	8
1.1. Impulsar a captación e a retención de talento.	8
1.2. Impulsar e fortalecer a calidade nos procesos de ensino e aprendizaxe.	11
1.3. Unha oferta formativa consolidada e axustada ás necesidades da contorna.	15
1.4. Potenciar unha formación orientada á inserción laboral e promover o emprendemento para os egresados/as.	18
2. INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA	24
2.1. Mellorar a xestión económico-administrativa da investigación e reforzar as estruturas de centros de investigación da UDC.	25
2.2. Impulsar unha investigación de calidade que potencie a internacionalización, a multidisciplinariedade e o liderado das unidades, as agrupacións, os institutos e os centros.	28
2.3. Captar recursos económicos procedentes de fondos next generation. ...	31
2.4. Definir e implantar un ecosistema dinamizador da actividade investigadora e de transferencia, e incrementar a colaboración coas empresas da contorna.	33
2.5. Mellorar os procesos de selección, promoción e consolidación do persoal docente e investigador na institución, favorecendo o desenvolvemento da súa carreira investigadora.	35
3. RESPONSABILIDADE SOCIAL	37
3.1. Unha universidade que impulsa o cambio social	37
3.2. Unha universidade responsable do seu impacto ambiental	43
3.3. Unha universidade que promove hábitos, rutinas e estilos de vida saudable	47
3.4. Unha universidade feminista libre de violencias de xénero	51
3.5. Unha universidade que incentiva e fomenta unha cultura de non discriminación	55
4. INTERNACIONALIZACIÓN	58
4.1. Potenciar un ambiente universitario internacional	58
4.2. Conseguir unha mobilidade internacional crecente por motivos de estudo e prácticas	62
4.3. Mellorar as competencias lingüísticas en idiomas estranxeiros de toda a comunidade universitaria	65
4.4. Potenciar a proxección e a presenza internacional da UDC	67

4.5.	Optimizar a xestión académica e administrativa para desenvolver os programas de internacionalización.....	69
5.	FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS.....	71
5.1.	Mellorar o rendemento económico-financeiro e control do gasto (ECO_OE1)	71
5.2.	Captar recursos de forma proactiva e explorar novas fontes de financiamento públicas e privadas (ECO_OE2)	73
5.3.	Mellorar o aforro económico ou enerxético, avanzar en programas de eficiencia enerxética e renovar as instalacións de climatización, mobiliario e equipamento dacordo a criterios de vida útil mantendo a amortización ou obsolescencia.	74
5.4.	Captar recursos económicos procedentes dos fondos Next Generation e apoiar a xestión económica e xustificación dos fondos.....	76
5.5.	Unha xestión eficiente, responsable e transparente dos recursos públicos	78

Introdución

O Plan operativo anual 2023, a partir dunha información máis concreta sobre o financiamento da Xunta de Galicia e a situación económica da UDC, desenvolve o orzamento e fundamenta as principais actuacións nel programadas.

O documento consta de seis apartados. A primeira concreta as previsións orzamentarias contidas nas liñas xerais da programación orzamentaria para o ano 2023. Os apartados restantes inclúen a dotación económica de actuacións relevantes para a consecución dos obxectivos estratéxicos establecidos no Plan Estratéxico aprobado o pasado 4 de novembro no Claustro universitario.

A UDC presenta para o ano 2023 un orzamento de 168.144.809,17 € o que supón un incremento nominal dun 13,87%. O seguinte cadro resume, a nivel de capítulo, o orzamento de ingresos e de gastos do exercicio 2023, así como a súa evolución respecto ao ano 2022.

Táboa 1.- Evolución do orzamento por capítulos para os anos 2022 e 2023.
Ingresos

INGRESOS	2022	%	2023	%	Variación 23/22
Capítulo III: Taxas, prezos públicos e outros ingresos	17.013.400,00	11,50%	17.969.400,00	10,67%	5,62%
Capítulo IV: Transferencias correntes	103.352.387,15	69,87%	104.361.770,21	61,96%	0,98%
Capítulo V: Ingresos patrimoniais	330.000,00	0,22%	330.000,00	0,20%	0,00%
Capítulo VII: Transferencias de capital	26.712.062,77	18,06%	45.283.591,23	26,88%	69,52%
Capítulo VIII: Activos financeiros	517.160,68	0,35%	498.047,73	0,30%	-3,70%
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	147.925.010,60	100,00%	168.442.809,17	100,00%	13,87%

- O valor final no capítulo III é de 17,969 millóns de euros, o cal é moi similar ao do ano anterior, o que supón un incremento do 5,62%.
- A principal fonte de financiamento de UDC son as transferencias correntes. Para o conxunto do capítulo IV –que representa un 61,96%– hai un incremento con respecto ao ano 2022 ao pasar de 103,35 a 104,361 millóns de euros, o que supón unha subida dun 0,98%.
- As transferencias por capital están por encima do ano anterior e experimentan un incremento dun 69,52 %, ao pasaren de 26,712 millóns de euros no ano 2022 a 45,284 millóns de euros no ano 2023.
- O activo financeiro diminúe un 3,70 % mais non é significativo no conxunto xa que só representa un 0,30 %. Igualmente, os ingresos patrimoniais teñen un peso do 0,20% e non experimenta variación.

Táboa 2.-Evolución do orzamento por capítulos de gastos para os anos 2022 e 2023

GASTOS	2022	%	2023	%	23/22
Capítulo I: Gastos de persoal	103.843.761,31	70,20%	110.610.215,03	65,67%	6,52%
Capítulo II: Gastos correntes en bens e servizos	18.664.206,41	12,62%	19.943.472,26	11,84%	6,85%
Capítulo III: Gastos financeiros	28.000,00	0,02%	35.000,00	0,02%	25,00%
Capítulo IV: Transferencias correntes	4.668.780,06	3,16%	5.136.943,05	3,05%	10,03%
Capítulo V: Fondo de continxencia	500.000,00	0,34%	580.000,00	0,34%	16,00%
Capítulo VI: Investimentos reais	19.997.379,06	13,52%	31.914.293,83	18,95%	59,59%
Capítulo IX: Variación de Pasivos financeiros	222.883,76	0,15%	222.883,76	0,13%	0,00%
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	147.925.010,60	100,00%	168.442.809,17	100,00%	13,87%

Os gastos de persoal (110,610 millóns de euros), que se incrementan nun 6,52 %, representan a porción máis importante do total dos gastos, un 65,67%, o que supón un incremento do 6,52%.

Os gastos correntes de cara ao ano 2023 experimentan un aumento do 6,85 %, de modo que pasaron de 18,66 a 19,943 millóns e euros. Supón un 11,84% do total do gasto.

En canto a transferencias correntes estímase un montante de 5,13 M€ o que supón unha importancia relativa dun 3,05% e un incremento dun 10,03% con respecto ao valor do ano anterior. É importante destacar o esforzo que está a facer esta universidade cos programas de apoio ao estudantado como bolsas, residencias, programa de bono-bus, promoción das actividades culturais ou deportivas, mobilidade etc. Consideramos fundamental o apoio ao estudantado.

O capítulo de investimentos experimenta un incremento considerable no exercicio 2023, da orde do 59,59%. Estímase en 31,914 millóns de euros o que representa un 18,95% do total do orzamento para 2023.

Deseguido trátanse de explicar dun xeito moi sintético os obxectivos estratéxicos e operativos asociados, así como os principais programas e, sempre que fose posible, a súa dotación orzamentaria das principais áreas recollidas no plan estratéxico.

Non se pretende facer unha relación exhaustiva de todas as actividades que se van realizar, senón sinalar algunhas pola súa relevancia ou por ser actividades novas deseñadas para conseguir os obxectivos. As actividades están clasificadas por obxectivos estratéxicos.

1. DOCENCIA E APRENDIZAXE

Os obxectivos estratéxicos desta unidade son catro: i) Impulsar a captación e a retención de talento, ii) impulsar e fortalecer a calidade nos procesos de ensino e aprendizaxe, iii) construír unha oferta formativa innovadora que responda ás demandas e aos retos sociais da nosa contorna e iv) potenciar unha formación orientada á inserción laboral e promover o emprendemento para os egresados ou egresadas.

1.1. Impulsar a captación e a retención de talento.

O talento converteuse no valor máis perseguido por empresas, institucións e organizacións. Potenciar os campus de especialización da UDC, as relacións con empresas da contorna, o establecemento de convenios con outras universidades de prestixio ou o Programa Alumni son algúns dos camiños que levarán a conseguir este obxectivo.

A UDC seguirá premiando a boa traxectoria académica do estudantado. É fundamental premiar o seu esforzo e dedicación, pois son valores moi importantes non só na súa vida como estudante senón tamén na súa futura vida laboral.

O ingreso na universidade con frecuencia leva aparelada a necesidade de superar un bo número de obstáculos, de aí a necesidade de manter e reforzar o Plan de Acción Titorial (PAT) e o programa de mentoría, cuxo principal obxectivo é asistir e orientar o estudantado no seu proceso de aprendizaxe, na súa transición para o mundo laboral e no seu desenvolvemento profesional. O PAT e a mentoría tamén buscan a prevención do abandono académico.

A UDC conta desde 2021 cunha normativa que regula os estudos semipresenciais e a distancia na UDC. A docencia semipresencial e a distancia supón unha aposta decidida pola renovación metodolóxica e tecnolóxica para avanzar cara a un proceso de ensino-aprendizaxe centrado no estudante. Outra cuestión prioritaria na área de docencia e aprendizaxe é o axuste da oferta formativa ás necesidades do contorno, incluída a demanda crecente de formación ao longo da vida. A flexibilidade que caracteriza as modalidades semipresencial e a distancia pode ter un enorme interese para unha gran variedade de alumnado potencial, pois permítelle deseñar e compatibilizar o seu proceso de ensino-aprendizaxe e o horario deste en función dos seus intereses particulares para compaxinar e conciliar a súa vida laboral e persoal co desenvolvemento dos estudos. A UDC ha de ser

capaz de atender as necesidades e demandas do seu alumnado e de adaptar os seus métodos á demanda social dun mundo cada vez máis globalizado.

Así mesmo, en relación coa procura dos máis altos estándares de calidade das nosas titulacións, traballárase no seguimento das titulación de grao e mestrado que xa obtiveron os selos internacionais *EUR-ACE®* e *EURO-INF*, e coa revisión e mellora daqueles aspectos que figuran nos criterios de avaliación dos mestrados para a obtención da Mención de Excelencia, que concede a Xunta de Galicia. Na actualidade a UDC conta xa con 7 mestrados que foron distinguidos con esta mención que recoñece os seus elevados niveis docentes e científicos. Estes selos constitúen un polo de atracción importante para a captación e retención do estudantado, de aí a necesidade de facer máis visibles estas distincións.

Un bo xeito de promocionar a nosa institución é a través dos MOOC (das súas siglas en inglés *Massive Online Open Courses*), unha alternativa educativa que, en moitos casos, complementa o modelo tradicional e posibilita o acceso á formación superior de maneira universal. A metodoloxía MOOC converteuse nun modelo adoptado polas universidades máis prestixiosas. O incremento da súa oferta que se levará a cabo nos vindeiros anos permitiranos abrir as portas da UDC ao mundo. A participación de profesorado de recoñecido prestixio e/ou expertos en liñas de investigación punteiras constituirá, sen dúbida, un dos seus maiores atractivos.

Na área de estudantes potenciarase o programa Alumni, que, ademáis de reforzar o sentimento de pertenza á UDC, servirá para amosar ao actual estudantado as posibilidades que ofrecen os títulos da universidade e será un elemento conector fundamental coa nosa contorna.

Asimesmo, tratarase de potenciar as actividades de difusión para dar a coñecer a UDC no entorno do ensino medio. Estamos a falar de intensificar as charlas de divulgación científica que tan boa acollida teñen, realizar foros e encontros cos orientadores, potenciar e apoiar as xornadas de portas abertas nas facultades e centros, entre outras actividades. Este curso, retómase a colaboración co Concello da Coruña para organizar as Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional (XOUP) que por motivo da COVID-19 non se puideron realizar nos cursos pasados.

Ademais, poténciase a vida universitaria a través de axudas ás asociacións estudiantís e a realización dunha xornada de benvida ao principio de curso para dar a coñecer a vida universitaria ao estudantado da UDC.

Táboa 3.- Obxectivos operativos e accións ou programas asociados ao POA da área de Docencia e Aprendizaxe

Obxectivo Estratéxico	Obxectivos operativos	Accións ou programas que se desenvolven e unidades responsables	
Doc_OE1: Impulsar a captación e a retención de talento.	DOC_OP1 Deseñar e implantar políticas de captación e retención de estudantado.	P1_Doc.- Intensificación da colaboración co ensino medio e superior non universitario a través do desenvolvemento de foros e encontros co persoal orientador, profesorado e estudantado destes niveis educativos. P1.1_Doc: Apoiar e potenciar as xornadas de portas abertas das facultades e escolas. P1.2_Doc: Realizar actividades divulgativas en lugares públicos, como xornadas de benvida ao estudantado entre outras. P1.3_Doc: Crear dende o Servizo de Estudantes as redes sociais correspondentes á atención ao público, con especial interese aos centros de ensino medio. P3_Doc.- Aumento da visibilidade dos recoñecementos de excelencia das diferentes titulacións. P4_Doc.- Incentivo da boa traxectoria académica do estudantado con premios ou recoñecementos Os premios á excelencia no grao están dotados con 55.000 euros. P5_Doc.- Potenciación do programa Alumni para amosarlle ao futuro alumnado o potencial dos nosos títulos. P6_Doc.- Intensificación da oferta de formación en formato aberto para compartir coñecemento e abrir a universidade á sociedade (por exemplo, MOOC de carácter divulgativo ou deseñado como curso 0 ou de nivelación). P7_Doc.- Fomento de espazos de interacción e conexión nos campus que favorezan a relación e a aprendizaxe	P1_Doc; UC: VEPEM P3_Doc; UC: VPAID P4_Doc; UC: VPAID P5_Doc; UC: VEPEM P6_Doc; UC: VPAID P7_Doc; UC: VEPEM / VPAID
	DOC_OP2 Deseñar e implantar políticas de fidelización do estudantado.	P8_Doc.- Reforzo do acompañamento/seguimento do estudantado durante a súa etapa formativa a través do PAT e a través de programas de mentoría nas diferentes titulacións. P9_Doc.- Desenvolvemento dunha estratexia global eficaz para combater o abandono dos estudos nalgúñas titulacións. P10_Doc.- Fomento da compatibilidade da formación coa actividade profesional do estudantado: flexibilidade na oferta formativa a través de modalidades que faciliten a conciliación persoal e laboral.	P8_Doc; UC: VPAID/UTC P9_Doc; UC: VPAID/UTC P10_Doc; UC: VPAID/UTC

1.2. Impulsar e fortalecer a calidade nos procesos de ensino e aprendizaxe.

A calidade en educación superior é a que se relaciona coa idea dunha mellora continua que implique eficacia, responsabilidade e compromiso da UDC cos docentes e o estudiantado. Mellorar os sistemas de comunicación entre os docentes e alumnos para que estes teñan un carácter máis colaborativo e cooperativo, é un dos obxectivos que nos desexamos cumprir nos próximos anos. Lanzar iniciativas que supoñan activar a aprendizaxe dos estudantes e con iso, conseguir que a UDC sexa referente docente con eficacia no logro dos obxectivos formativos e eficiencia no emprego dos recursos docentes.

Motivar ao profesorado mediante o seu recoñecemento, facilitar servizos e medios materiais de apoio á innovación docente que suporá unha actualización permanente de estratexias docentes, avanzar no proceso de dixitalización como complemento á docencia presencial, innovar na creación de novas titulacións e dar visibilidade das boas prácticas, serán mecanismos nos que actuar para levar a cabo a innovación e calidade á que aspiramos.

Desde a UDC seguirase a dar apoio aos centros no seguimento anual das titulacións oficiais, no establecemento de plans de mellora e no proceso de renovación da acreditación. A modificación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) dos centros e a nova ferramenta informática para a súa xestión suporá unha importante mellora no proceso de seguimento das titulacións de grao e máster. Seguirase a fomentar a solicitude da Acreditación Institucional, xa que coa publicación do *Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade*, ponse de manifesto as vantaxes que supón a súa obtención para os centros.

A avaliación da actividade docente resulta especialmente relevante para as universidades na medida en que a garantía de calidade dos seus estudos pasa por asegurar non só a cualificación do seu profesorado, senón especialmente a calidade da docencia que nelas impártese. A avaliación da actividade docente non se pode limitar á valoración do encargo docente, é necesario considerar, sobre todo, o modo en que o profesorado planifica, desenvolve e mellora o ensino, e o que o estudiantado aprende. De aí o noso compromiso para seguir traballando na mellora do programa Docentia coa mesma intensidade que até o momento, preparándonos para afrontar unha nova e importante etapa, pois pasaremos da fase de implantación á fase de certificación. Comezaranse a incorporar os cambios introducidos por ANECA en 2021 nos criterios de certificación do programa, centrándonos fundamentalmente na elaboración do Marco de Desenvolvemento

Profesional Docente, sen esquecer a posta en marcha das accións de mellora derivadas do sinalado no último informe de seguimento.

Para seguir avanzando no fomento da cultura de calidade é necesario lograr que o alumnado se sinta como un axente implicado da propia institución universitaria. Debe ser consciente de que comparte dous obxectivos co profesorado: a calidade na formación e a mellora da institución. Debe calar a idea de que a súa opinión é fundamental para a avaliación dos procesos de ensino-aprendizaxe. Só deste xeito poderemos identificar as áreas de mellora. Para iso é preciso non só que o alumnado cubra as enquisas de avaliación docente, senón que a institución dirixa os seus esforzos á elaboración dunhas enquisas claras, precisas e cun número de ítems que se poidan contestar nun curto período de tempo.

Conscientes do esforzo que implica para o profesorado a necesaria renovación e actualización constante tanto das metodoloxías coma dos recursos que emprega no proceso de ensino-aprendizaxe, desde o CUFIE seguiráselle facilitando a súa formación e proporcionándolle o asesoramento necesario. A formación que se oferta non só vai dirixida ao profesorado, senón que unha gran parte das propostas que se fan son de interese tamén para o estudantado das diferentes titulacións. Cómpre mencionar a existencia dun plan de formación de apoio ao doutoramento e á investigación, en colaboración coa Escola Internacional de Doutoramento da UDC.

A visualización e recoñecemento de boas prácticas parécenos fundamental. Por este motivo, no repositorio da UDC está publicada unha guía de boas prácticas dos proxectos de Aprendizaxe Servizo. Continuarase coa súa publicación pois é un bo medio para dar a coñecer algúns dos proxectos desenvolvidos por docentes e alumnado da UDC en colaboración con distintas entidades sociais da contorna. Así mesmo, a celebración cada ano das xornadas de innovación docente permiten o recoñecemento e difusión das boas prácticas docentes que se veñen realizando na nosa universidade. Precisamente o promoción e o apoio á innovación educativa nas súas diversas facetas e desde as diversas especialidades e disciplinas que conforman o mapa de titulacións da UDC é un dos obxectivos prioritarios do CUFIE. Se a innovación docente viuse potenciada a través da creación dos Grupos de Innovación Docente en 2017, esencialmente, para promover a participación do profesorado en accións de innovación educativa e fomentar o traballo colaborativo e interdisciplinar, en 2023 daráselles un novo impulso cunha nova convocatoria que permitirá medir con maior rigor a calidade da innovación.

Co obxectivo de seguir mellorando a experiencia de aprendizaxe do alumnado, montarase unha aula de gravación de obxectos de aprendizaxe multimedia, que permitirá que o profesorado xere recursos de maior calidade que poderán pasar a repositorios abertos da UDC. Na mesma liña, implementarase un campus virtual

para a UDC Aberta que incluírá criterios de accesibilidade universal, para que todas as persoas teñan acceso aos recursos en igualdade de oportunidades. Esta nova plataforma disporá dun sistema automatizado de personalización da aprendizaxe, segundo as preferencias do alumnado.

A participación da UDC no subproyecto DigitAll do plan Unidigital suporá a creación de material multimedia autoformativo, segundo o marco DigComp. A nosa universidade tamén participa actualmente no subproyecto DigCompEdu-FyA para a formación en competencias dixitais docentes segundo o marco DigCompEdu. En liña con este proxecto, lanzarase convocatorias para a elaboración de recursos docentes (MOOC, pímulas formativas...).

Táboa 4.- Obxectivos operativos e accións ou programas asociados ao POA da área de Docencia e Aprendizaxe

Obxectivo Estratéxico	Obxectivos operativos	Accións ou programas que se desenvolven e unidades responsables	
Doc_OE2: Impulsar e fortalecer a calidade nos procesos de procesos de ensino e aprendizaxe	DOC_OP3 Potenciar a innovación no ámbito docente.	P11_Doc.- Mellora dos espazos físicos e virtuais para fomentar a transformación do proceso de aprendizaxe. P12_Doc.- Promoción da formación específica en competencias dixitais docentes. P13_Doc.- Visibilización e recoñecemento das boas prácticas docentes. P14_Doc.- Impulso da formación do profesorado en metodoloxías innovadoras centradas no estudantado. P15_Doc.- Impulso dos grupos de innovación docente. P17_Doc.- Impulso da formación do profesorado no liderado e en competencias relacionadas co traballo en equipo, para mellorar a coordinación interna nas titulacións.	P11_Doc; UC: VPAID P12_Doc; UC: VPAID P13_Doc; UC: VPAID. P14_Doc; UC: VPAID P15_Doc; UC: VPAID P17_Doc; UC: VPAID
	DOC_OP4 Potenciar e promover os procesos de calidade.	P18_Doc.- Estímulo do programa Docentia para garantir a calidade do profesorado e favorecer o seu desenvolvemento e recoñecemento. P19_Doc.- Fomento do proceso de certificación dos SGC implantados nos centros, a través da acreditación institucional. P20_Doc.- Deseño e impulso dun marco de desenvolvemento profesional docente. P22_Doc.- Mellora das enquisas de docencia para o proceso de avance continuo e adaptación destas a novos formatos de docencia.	P18_Doc; UC: VPAID/UTC P19_Doc; UC: VPAID/UTC P20_Doc; UC: VPAID/UTC P22_Doc; UC: VPAID/UTC

1.3. Unha oferta formativa consolidada e axustada ás necesidades da contorna.

En relación á oferta formativa da UDC, avanza considerablemente respondendo a necesidades sociais e da contorna. A UDC quere ser unha institución próxima ao tecido produtivo e á sociedade da súa contorna. Esta proximidade coa contorna lle facilitará a información sobre os novos retos e a partir deste punto de partida poderá desenvolver unha oferta formativa innovadora na que a cooperación coas empresas suporá un elemento cruce en toda a estratexia.

Os obxectivos operativos relacionados co obxectivo estratéxico oferta formativa consolidada e axustada ás necesidades do contorno (OE3) supoñen avanzar tanto no axuste das titulacións de grao e posgrao ás necesidades sociais do noso contorno e ás demandas dos estudantes, como na creación de novas titulacións que dean cobertura a novos sectores estratéxicos da contorna. Isto levará necesariamente á incorporación de profesorado coas competencias necesarias para impartir unha formación de calidade.

A dixitalización está a provocar un gran reto e desafío que afecta a todos os niveis das organizacións. As empresas e institucións están a se enfrontar a unha auténtica revolución dixital que require de novas competencias e habilidades para manterse vivas nesta nova era. Están a demandarse novos perfís para cubrir esas novas necesidades que nacen na sociedade. Precísanse titulados e tituladas con aptitudes propias da dixitalización e a innovación tecnolóxica. A universidade ten que ser quen de cubrir esas necesidades.

Cómpre tamén ter en conta que cada vez son máis as empresas e institucións que buscan incorporar talento con perfís híbridos e que estea en posesión de competencias brandas. Seguiremos, pois, a potenciar a creación de titulacións de carácter transversal, a reforzar as dobres titulacións, os graos abertos en diferentes ámbitos e a incorporación de microcredenciais como formación transversal nos títulos.

A sensibilización sobre as necesidades da contorna constitúe un aspecto prioritario para a UDC. Precisamente, a formación do estudantado a partir do traballo baseado nas necesidades reais da contorna co fin de melloralas é o obxectivo fundamental da metodoloxía de Aprendizaxe Servizo (ApS), que levamos xa algún tempo potenciando desde a UDC. Seguiremos reforzando os proxectos de ApS, por se tratar dunha metodoloxía innovadora que tenta modificar a realidade e mellorar as aprendizaxes do alumnado.

Os obxectivos operativos relacionados co obxectivo estratéxico oferta formativa consolidada e axustada ás necesidades da contorna (OE3) son avanzar no axuste das titulacións de grao e posgrao ás necesidades sociais da nosa contorna e ás demandas dos estudantes, definir políticas proactivas de captación de estudantes e promocionar a actividade do estudantado de grao e mellorar a comunicación e a coordinación co ensino medio e o ensino superior non universitario.

Para desenvolver eses obxectivos operativos, facemos unha aposta prioritaria pola captación de alumnado como se amosa no orzamento. Ademais, os 23.800 euros do programa «O teu futuro en boas mans» están destinados á difusión e publicidade dos títulos (graos e mestrados) da UDC adscritos ao seu centro de cara á captación de estudantes. Continúan as políticas de captación de alumnado de expedientes destacados en bacharelato, cunha dotación de 30.000 euros para os premios á excelencia e de 9.210 euros para os estudantes gañadores de Olimpíadas Científicas.

Para o desenvolvemento das políticas proactivas de captación de estudantes e a promoción da actividade do estudantado destacan os premios á excelencia no grao que están dotados con 55.000 euros, o apoio e a potenciación das xornadas de portas abertas das facultades e escolas, as actividades divulgativas en lugares públicos destinadas ao público en xeral e a creación desde o Servizo de Estudantes das redes sociais correspondentes á atención ao público, con especial interese aos centros de ensino medio.

No que se refire a comunicación á coordinación e á coordinación co ensino medio e o ensino superior non universitario destaca a difusión con soportes actuais adaptados ao estudantado de ensino medio, en que se fai especial fincapé nos novos títulos de grao.

Táboa 4.- Obxectivos operativos e accións ou programas asociados ao POA da área de Docencia e Aprendizaxe

Obxectivo estratéxico	Obxectivos operativos	Accións ou programas que se desenvolven e unidades responsables	
Doc_OE3: Unha oferta formativa consolidada e axustada ás necesidades do contorno	DOC_OP5. Potenciar e implementar un modelo integral de formación continua.	P23_Doc.- Creación de novas titulacións que dean cobertura a novos sectores estratéxicos da contorna. P24_Doc.- Actualización dos plans de estudo pola obsolescencia natural que experimentan as titulacións. P25_Doc.- Incorporación de profesorado con competencias docentes específicas nos graos e mestrados. P26_Doc.- Promoción dos graos de carácter multidisciplinar que lle proporcionen ao alumnado unha formación sólida de base que lle permita orientar o seu futuro laboral cara a diferentes perfís profesionais emerxentes. P27_Doc.- Identificación e desenvolvemento de novas competencias transversais e brandas (dixitais, lingüísticas, medioambientais, de responsabilidade social e emprendemento etc.) e a súa integración nos itinerarios formativos. P28_Doc.- Reforzo da aprendizaxe-servizo (ApS) na UDC. P29_Doc.- Reforzo das dobres titulacións, os graos abertos en diferentes ámbitos e a incorporación de microcredenciais como formación transversal nos títulos.	P23_Doc; UC: VPAID P24_Doc; UC: VPAID P25_Doc; UC: VPAID P26_Doc; UC: VPAID P27_Doc; UC: VPAID P28_Doc; UC: VPAID P29_Doc; UC: VPAID

1.4. Potenciar unha formación orientada á inserción laboral e promover o emprendemento para os egresados/as.

En sintonía coa nosa vocación de contribución ao desenvolvemento económico e social a UDC fomentará a cultura innovadora e emprendedora. A universidade quere cumprir a súa misión a través deste obxectivo, poñendo en primeiro lugar o foco nos alumnos e alumnas. Queremos contribuír a estender a cultura do emprendemento aproveitando o potencial do estudiantado e profesorado fomentando un espírito crítico, unha participación máis activa que permita desenvolver a xeración de ideas innovadoras. Cun forte compromiso coa sociedade, e a nosa contorna produtiva, a través da colaboración con outras institucións científicas, sociais e económicas, a UDC quere facilitar a empregabilidade dos seus egresados e egresadas.

A colaboración con entes públicos e privados para a realización de estudos que permitan coñecer e detectar que demanda a contorna profesional é un proceso fundamental no momento de deseñar unha titulación. Esta colaboración que se concreta habitualmente nunha serie de reunión ou encontros con distintos representantes dos sectores implicados nunha nova titulación é fundamental de cara á empregabilidade do noso alumnado.

A experiencia positiva da implantación do primeiro grao dual do Sistema Universitario Gallego lévanos a seguir avanzando na creación deste tipo de titulacións, principalmente, naquelas vinculadas ao ámbito tecnolóxico e industrial. Esta vía formativa viuse apoiada pola publicación do RD 822/2021. Unha das principais vantaxes deste modelo de ensino é que garante persoal cualificado a sectores que o necesitan e facilita o acceso a un primeiro posto de traballo.

Desde a UDC, seguiremos promocionando os doutoramentos industriais, que ademais de supoñer unha oportunidade de innovación para as empresas, pois aí é onde o/a doutorando/a desenvolverá a súa formación investigadora en colaboración cunha universidade, tamén proporcionan claros beneficios aos estudantes: un contrato laboral na empresa cunha duración de tres anos; a oportunidade de participar nun proxecto de I+D+i que xera alto valor engadido ao seu currículo, ao estar contratados/as por unha empresa comprometida coa innovación e a investigación; a titorización por parte de profesionais da empresa e da universidade que orientan e avalían de forma continua os seus progresos, etc.

A formación permanente baseada nunha aprendizaxe continua e a reciclaxe profesional dos cidadáns, constitúe unha necesidade imprescindible para conseguir uns obxectivos continuos de eficacia e de modernización da sociedade. A través da Unidade de Estudos Propios a UDC seguirá a servir de conexión entre a universidade e a súa contorna en materia de formación permanente. A aprobación dun novo regulamento de estudos propios, tendo en conta as novas disposicións legais, a traxectoria e a experiencia acumulada na tramitación dos procedementos que corresponden á aprobación e modificación dos precitados títulos e o desenvolvemento das novas aplicacións informáticas, vainos permitir atender dun xeito máis áxil e eficaz ás necesidades de formación que a sociedade reclama e converter á UDC nun referente no eido da formación permanente.

A concepción dunha universidade pegada á sociedade, que poida devolverlle a difusión do coñecemento que obtemos a través do estudo e da investigación, queda de manifesto no noso apoio e fomento das distintas iniciativas formativas da Universidade Sénior, que ensinan a envellecer de forma saudable e solidaria, estendéndose a todos os colectivos sociais e a distintas zonas xeográficas, e reforzando ao mesmo tempo os procesos de relación interxeracional.

Os principais programas asociados á empregabilidade son os desenvoltos pola Unidade de Emprego da UDC. Neste sentido, e coa fin de mellorar a posición na que se sitúa o alumnado cando remata os seus estudos de cara a incorporarse no mercado laboral, se reforzará o Plan de Mellora da Empregabilidade nos centros (PMEC) que se ven desenvolvendo dende hai varios anos dende a Unidade de Emprego. A través de tres módulos ao longo do curso académico, o/a estudante obtén os coñecementos imprescindibles para a súa introdución no mercado laboral. De igual xeito, os/as alumnos/as poden optar aos cursos sobre emprendemento e orientación laboral que ofrece o CUFIE dentro seu Plan de Apoio á Aprendizaxe (PAA); estes cursos son impartidos por técnicos da Unidade de Emprego.

Un dos fitos destacados na promoción da empregabilidade o constitúe o Foro Avanza, que pretende facilitar a transición ao mundo laboral do alumnado e das persoas egresadas a través da mellora das competencias máis demandadas no mercado. Este foro, integrado por obradoiros, charlas e seminarios, se completa cunha Feira de Emprego, que constitúe un punto de encontro cos/coas empregadores/as, permitindo así un contacto directo entre o estudiantado e os/as profesionais. Igualmente, cómpre sinalar que algúns centros levan a cabo iniciativas propias enfocadas á mellora da empregabilidade do seu estudiantado, como poden ser feiras de emprego e/ou xornadas de orientación profesional, que nalgúns casos teñen un carácter puntual mais noutros posúen un carácter regular.

Coa fin de seguir fomentando o espírito emprendedor no noso alumnado e desenvolver as competencias neste eido, promoverase a súa participación en programas de fomento do Emprendemento (Explorer, Startup Programme, etc.) que axuden á súa formación nesta área. Igualmente, seguirase informando de todo tipo de actividades de carácter emprendedor que se leven a cabo tanto na Universidade como fora de ela. O obxectivo último é que os/as estudantes perciban a UDC como unha “universidade emprendedora”.

Seguindo a liña de conexión da Universidade coa nosa sociedade, potenciarase a realización daqueles estudos que axuden a coñecer ou detectar que está a demandar o contorno profesional. Este tipo de estudos xa se están a desenvolver na actualidade (por exemplo, en colaboración coa Xunta de Galicia) e enriquecen tanto á Universidade como ao mundo profesional ao poder detectar as necesidades existentes e poder propoñer solucións.

Nesa procura dunha maior integración co contorno profesional, promoverase a realización de visitas de estudantes a entidades públicas e privadas coa fin de completar a formación que reciben nas aulas observando “in situ” o funcionamento da actividade profesional. Estas visitas poden desenvolverse no seo das titulacións (a instancia do profesorado e/ou da coordinación) ou no seo doutro tipo de actividades que se leven a cabo na Universidade, como por exemplo os programas de emprendemento nos que colaboramos. Cabe destacar tamén que outra vía de conexión coa contorna profesional é o fomento da participación do alumnado en retos, proxectos e concursos nos que deben levar á práctica o aprendido nas aulas. Igualmente, a promoción da realización de prácticas externas no medio rural a través do programa Campus Rural promove a conexión coa nosa sociedade. A cantidade que se estima destinar a este último programa en 2023 é de 75000 euros.

Unha acción esencial é a de visibilizar en maior medida o papel que desenvolve a Unidade de Emprego como dinamizadora de actividades que melloran a empregabilidade dos/das estudantes. Dende esta Unidade se levan a cabo un número cada vez máis grande de iniciativas, como a convocatoria dende hai varios anos das bolsas-prácticas FUNDACIÓN ONCE-CRUE de mellora da empregabilidade de alumnado universitario con discapacidade igual ou superior ao 33% (ao que se estima destinar 9000 euros en 2023) ou accións máis recentes como a colaboración co programa Xuventude Mentoring da Xunta de Galicia ou a coordinación do programa EU Careers Ambassadors, entre outras.

Unha peza fundamental na transición ao mercado laboral do noso estudantado o constitúen os nosos Alumni, polo que se impulsará o seu papel como nexo de unión entre o mundo académico e o profesional. Ademáis de reforzar o sentimento de pertenza á institución, os Alumni nos trasladarían a demanda existente na socieda-

de a través tanto de información (ofertas de traballo) como de formación (apoio ao alumnado), ao tempo que a Universidade lles brinda oportunidades de integración para non perder a súa necesaria ligazón coa institución.

Táboa 6.- Obxectivos operativos e accións ou programas asociados ao POA da área de Docencia e Aprendizaxe

Obxectivo estratéxico	Obxectivos Operativos	Accións ou programas que se desenvolven e unidades responsables	
Doc_OE4: Unha atención especial á empregabilidade e ao emprendemento dos egresado	DOC_OP6 Reforzar os vínculos entre a UDC e o contorno empresarial	P32_Doc.- Desenvolvemento e fomento de programas de formación continua e actualización tecnolóxica para profesionais.	P32_Doc; UC: VPAID
		P33_Doc.- Continuación do impulso das actividades da universidade sénior nos campus universitarios e fóra deles a través dos programas no contorno rural.	P33_Doc; UC: VPAID
		P34_Doc.- Impulso á colaboración con entes públicos e privados para a realización de estudos que permitan coñecer ou detectar que demanda o contorno profesional.	P34_Doc; UC: VE-PEM/ VPAID
		P35_Doc.- Fomento das cátedras, os convenios e os programas de colaboración coas empresas da contorna.	P35_Doc; UC: VPCIT
		P36_Doc.- Orientación dos TFG e TFM a resolver necesidades e casos prácticos en empresas e institucións, nos casos que sexa posible, factible ou teña sentido.	P36_Doc; UC: VPCIT
		P37_Doc.- Promoción dos doutoramentos industriais.	P37_Doc; UC: VPCIT
		P38_Doc.- Incentivos no programa Alumni polo seu carácter conector ou de nexo de unión entre a Universidade e a contorna profesional.	P38_Doc; UC: VE-PEM
		P39_Doc.- Impulso da realización de visitas de estudantes a entidades (empresas, sector público, centros de emprendemento, etc.) para achegar ao alumnado o funcionamento da actividade profesional.	P39_Doc; UC: VE-PEM
		P40_Doc.- Impulso na creación de titulacións de grao e mestrados duais.	P40_Doc; UC: VPCIT

Obxectivo estratéxico	Obxectivos operativos	Accións ou programas que se desenvolven e unidades responsables	
Doc_OE4: Unha atención especial á empregabilidade e ao emprendemento dos egresados	DOC_OP7 Incorporar a cultura do emprendemento e a carreira profesional en todas as fases do proceso formativo xunto co apoio á inserción laboral.	P41_Doc.- Reforzo do programa de mellora de empregabilidade (PMEC). P42_Doc.- Desenvolvemento de formación para formadores/as (PDI e PAS-técnicos) nos itinerarios formativos de novas competencias transversais e brandas que favorecen o emprendemento. P43_Doc.- Aproveitamento dos foros e das feiras de emprego como actividades de referencia para o estudantado. P44_Doc.- Promoción de actividades de formación e información sobre emprendemento que, en última instancia, conduzan á consideración da UDC como “universidade emprendedora”. P45_Doc.- Visibilización da Unidade de Emprego como motor/dinamizador das actividades de mellora da inserción laboral e emprendemento do estudantado. P46_Doc.- Potenciar o desenvolvemento de estudos de inserción laboral e de emprendemento. P47_Doc.- Fomento no currículo do estudantado de formación sobre empregabilidade e emprendemento. P48_Doc.- Axuda/impulso á participación do estudantado en programas, proxectos e concursos de fomento do emprendemento, resolución de retos etc. P49_Doc.- Incorporación, nas materias que sexa posible, de metodoloxías docentes que potencien a adquisición de competencias transversais.	P41_Doc; UC: VEPEM / Unidade de Emprego P43_Doc; UC: VEPEM/Unidade de Emprego/Observatorio Ocupacional P44_Doc; UC: VEPEM/Unidade de Emprego/Observatorio Ocupacional P45_Doc; UC: VEPEM/Unidade de Emprego/Observatorio Ocupacional P46_Doc; UC: VEPEM/Unidade de Emprego/Observatorio Ocupacional P47_Doc; UC: VPAID / VEPEM P48_Doc; UC: VEPEM / Unidade de Emprego P49_Doc; UC: VPAID

2. INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA

Unha das principais consecuencias da crise económica causada pola pandemia é a necesidade que teñen todos os países de potenciar a investigación, a transferencia e a innovación. Os principais retos que se fixaron céntranse no eido da dixitalización e da transición ecolóxica. O obxectivo desta Universidade é reforzar a investigación, a transferencia e a innovación tanto no que se refire ao apoio de persoal e medios humanos como ao apoio en medios económicos e organizativos para acadar a maior parte de recursos económicos posibles.

De igual xeito, os obxectivos estratéxicos da investigación da UDC están enmarcados na Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación 2021-2027 (EECTI 2021-2027). Esta estratexia está dividida en dúas grandes fases. Na primeira fase, 2021-23 os esforzos realizados estarán enfocados a garantir as fortalezas da I+D da UDC, reforzando a programación actual, as infraestruturas e o persoal. A segunda fase, correspondente ao período 2024-2027, permitirá consolidar a I+D+I dentro do plan estratéxico marcado pola UDC e enmarcado nunha economía baseada no coñecemento.

Como consecuencia deste novo contexto, dende as vicerreitorías de política científica, investigación e transferencia e a vicerreitoría de economía e planificación estratéxica formuláronse novos obxectivos estratéxicos. Entre estes obxectivos destacan i) Mellorar a xestión económico-administrativa da investigación e reforzar as estruturas de centros de investigación da UDC; ii) mellorar a captación de recursos económicos tanto do Mecanismo de Recuperación como no Plan de Financiamento plurianual 2021-27; iii) establecer unha produción científica de calidade, iv) internacionalizar a investigación e a transferencia, e v) incrementar a colaboración coas empresas do contorno e fomentar a transferencia de coñecemento.

2.1. Mellorar a xestión económico-administrativa da investigación e reforzar as estruturas de centros de investigación da UDC

Requírese unha mellora da coordinación entre as distintas unidades e da dixitalización e o establecemento de procedementos comúns para a creación, a xestión e a xustificación de proxectos competitivos, convenios e contratos de I+D. A investigación da UDC quedou reforzada pola creación de 3 novos centros de investigación o CICA na área de ciencias, o CITEEC na área de construcións e o CITENI na área de industria naval e industrial que se unen o xa existente CITIC. As novas infraestruturas de investigación incluíndo a Rede de Centros de Investigación da UDC, traballarán de forma complementaria e en coordinación para lograr o máximo aproveitamento dos recursos e un maior avance da Investigación, innovación en transferencia da UDC. De cara a conseguir este obxectivo márcanse 7 obxectivos de referencia que se expoñen na seguinte táboa.

CITIC

O CITIC forma parte do proxecto promovido pola UDC no campo das TIC coa creación dun ecosistema TIC, a Cidade das TIC na Coruña. Continua a avanzarse no proceso de crecemento do centro. O ano 2023 ten previsto avanzar na ampliación do edificio que conta cun crédito de 600.000€. Igualmente, vaise a reforzar as futuras áreas de investigación Industria 4.0 e TIC en saúde, así como das liñas estratéxicas da Ciencia e Enxeñería de Datos, CiberSeguridade, Computación de Altas prestacións e Servizos e Redes Intelixentes e IA. Tamén se vai continuar cos programas XoveTic, o programa Talentos Inclusivos e a formación en ferramentas TIC e IA. Destacan tamén as accións de colaboración en Saúde e dixitalización (e-Health) e o programa de internacionalización de captación de talento denominado COFUND.

CICA

O CICA pretende dar un paso adiante como Centro, o que implica atopar unha singularidade dentro do espazo de investigación galego dentro dos campos das áreas de Química, Bioloxía e Medicina e na liña estratéxica de Novas Técnicas de Diagnóstico e terapéuticas de EECTI 21-27, nos que o CICA é máis forte. Hai accións dirixidas á creación dun centro de investigación singular no sistema

universitario de Galicia e un polo de referencia no campo da ciencia no marco estatal e da Unión Europea.

CITEEC

O Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñería Civil (CITEEC), e a súa Agrupación Estratéxica, é unha entidade especializada na mellora da competitividade e o aumento do investimento en I+D+i no sector da enxeñería civil e a edificación. A súa finalidade é mellorar a investigación e transferencia de coñecemento no ámbito da enxeñería e edificación sustentables e innovadoras dende a óptica da análise experimental e con sólido apoio numérico, acorde ás prioridades da Estratexia RIS3, da Estratexia Española de Ciencia e Tecnoloxía, da Estratexia Europea no H2020 e dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS, Axenda 2030), e adaptar e intensificar as liñas de investigación do CITEEC coa Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación 2021-2027 (EECTI). O eixo básico e diferenciador do CITEEC e da súa Agrupación Estratéxica é que se trata unha infraestrutura singular que está á vangarda internacional da tecnoloxía e a experimentación en enxeñería civil e edificación. O CITEEC está á altura dos centros máis avanzados da Unión Europea (UE) no seu campo de actividade ao fortalecer o vínculo do CITEEC co tecido empresarial local, autonómico, nacional e internacional.

Novas estruturas de investigación: CIT

No Campus Industrial de Ferrol, existe unha alta concentración de investigación orientada á Industria Naval, á Defensa e ao sector da Mecánica do Metal, un sector que representa unha porcentaxe moi importante do PIB da Comunidade Autónoma galega. A esta peculiaridade hai que engadir a longa historia que ten de colaboración coa industria e as súas asociacións, da que destaca a nova etapa da Unidade Mixta de Investigación (UDC-Navantia, Asteleiro 4.0), agora Centro Mixto de Investigación.

Reforzo de unidades de apoio á xestión

Trátase de accións que teñen por obxectivo dar apoio á unha maior capacidade de xestión que supón esta nova contorna. Trátase de reforzar a captación de fondos internacionais, fondos europeos de investigación, InterREG, Redes Cost. ; os programas de Ciencia excelente e captación de talento e a coordinación de proxectos interdisciplinarios e colaboración con axentes pertencentes ao tecido produtivo.

Táboa 7.- Obxectivos operativos e accións ou programas asociados ao POA da área de Investigación

Obxectivo estratéxico	Obxectivos operativos de referencia	Accións ou programas que se desenvolven e unidade responsable/coordinadora	
OE1: Mellorar a xestión económico-administrativa da investigación e Reforzar as estruturas de centros de investigación da udc	OE1_Inv_op1. Mellorar as unidades especializadas de apoio á xestión económico-administrativa de investigación	P1_Inv. Reforzar as unidades que apoian a investigación establecendo unha comisión para a coordinación e a dirección da xestión económico-administrativa da investigación (CCol) P2_Inv. Crear, por parte de comisión coordinadora, protocolos de actuación para a xestión económico-administrativa da investigación P5_Inv.- Afianzamento da formación continua e a actualización do persoal dos diferentes servizos/unidades co fin de dar o apoio adecuado nas distintas etapas da investigación	P1_Inv; UC:VPCIT P2_Inv; UC:CCoI P5_Inv; UC:VPCIT

2.2. Impulsar unha investigación de calidade que potencie a internacionalización, a multidiscipliniedade e o liderado das unidades, as agrupacións, os institutos e os centros.

Reforzar a internacionalización e a multidiscipliniedade e fortalecer unidades, agrupacións, institutos e centros investigación axudará a estimular a produción científica da universidade. Trátase de construír unha cultura de investigación colaborativa internacional que desenvolva políticas de captación e retención de talento, mellorando os procesos de selección, promoción e consolidación do persoal investigador e incrementando a visibilidade da actividade investigadora da UDC, así como favorecendo o intercambio do PDI con outras institucións de investigación.

Destacan os obxectivos operativos de aumentar a visibilidade e mellorar os indicadores da actividade real de investigación e transferencia, mellorar a captación de investigadores predoutorais e posdoutorais, fomentar a cooperación interdisciplinar entre grupos, facilitar a avaliación I3 dos investigadores que estean a rematar os programas de ciencia excelente, mellorar a coordinación e a axilidade da xestión da investigación, en particular o apoio á xestión de proxectos europeo e garantir a calidade dos estudos de doutoramento. Para dar resposta a estes obxectivos operativos vanse desenvolver os seguintes programas ou accións, entre os que destacan o financiamento plurianual a grupos, unidades e investigadores individuais que será por un total de 800.000 €; as subscricións a publicacións periódicas supoñen algo máis de 1,7M €, dos cales 759.732,80 € (recursos electrónicos) supoñen as aportacións que esta universidade fai ao Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG). Ademais, as diferentes universidades achegan cada unha 130.766,67 € para o funcionamento do consorcio.

Un ano máis o programa INDITEX-UDC de estadías predoutorais no estranxeiro está orzado con 122.300 €. É prioritario tamén fortalecer o Programa Berce de apoio á Ciencia Excelente, centrado fundamentalmente na preparación de propostas competitivas ás convocatorias do European Research Council (ERC). A OTRI continuará contando con asesoramento técnico para cuestións relacionadas con proxectos europeos, gasto a que fará fronte cos 50.000 € que ten orzados no capítulo VI.

Tamén programas asociados son o programa INDITEX-UDC que financia estadias predoutorais no estranxeiro, os programas de participación no H2020 e noutras convocatorias internacionais, a procura de acordos estratéxicos, mediante convenios marco, con centros de investigación doutras universidades que permitan a necesaria internacionalización dos investigadores e o programa de apoio á presentación de proxectos colaborativos por parte de grupos de investigación.

Táboa 8.- Obxectivos operativos e accións ou programas asociados ao POA da área de Investigación

Obxectivo estratéxico	Obxectivos operativos	Accións ou programas que se desenvolven e unidade responsable/coordinadora	
OE2. Impulsar unha investigación de calidade que potencie a internacionalización, a multidisciplinariedade e o liderado das unidades, agrupacións, Institutos e centros	OE2_Inv_op4. Apoiar e promover a visibilidade, a divulgación científica e o impacto da investigación da UDC	P9_Inv.- Reforzo de financiamento e posicionamento da UDC en plataformas de divulgación da investigación na rede. P11_Inv.- Fomento dun depósito de datos de investigación nos repositorios adecuados (institucional ou internacionais) baixo os principios FAIR P12_Inv.- Establecemento dunha política de ciencia aberta que recolla os compromisos da Institución.	P9_Inv; UC:VPCIT P11_Inv; UC: Servicio de Biblioteca P12_Inv; UC:VPCIT
	INV_OP5 Incrementar a internacionalización da investigación da UDC	P13_Inv.- Fomento de encontros de persoal investigador con grupos estranxeiros P14_Inv.- Apoio á elaboración de propostas de solicitudes á convocatorias de proxectos internacionais P15_Inv.- Mantemento as axudas posdoutorais existentes para a mobilidade	P14_Inv; UC:OTRI P15_Inv; UC:OTRI
	INV_OP6 Potenciar as plataformas e os recursos de apoio á investigación e contribuír á mellora destas	P17_Inv.- Apoio á captación de infraestruturas singulares e investigadores en programas para facilitar os procesos de acreditación P18_Inv.- Establecemento dos procedementos para a participación do persoal investigador en centros de investigación propios da UDC e noutros centros interuniversitarios P19_Inv.- Apoio ao Comité de Ética da Investigación e Docencia da UDC para conseguir a súa acreditación	P17_Inv; UC:VEPES P18_Inv; UC:Rede de Centros da UDC P19_Inv; UC:VPCIT

2.3. Captar recursos económicos procedentes de fondos next generation.

Os fondos Next Generation EU supoñen unha oportunidade de financiamento para Proxectos de investigación. Para iso, a UDC quere apoiar a xestión económica e a xustificación dos fondos NGEU.

Existen catro grandes liñas de traballo en curso. En primeiro lugar, o programa de recualificación plantexado polo Ministerio de Universidades cunha dotación de 1,7 millóns anuais (período 2021-23 a executar en 2022-24). En segundo lugar, a dotación de equipamento científico tecnolóxico con aplicacións, entre outras, no eido da Nanociencia e da nanotecnoloxía no que se puido conseguir 2,76 millóns de euros.

En terceiro lugar, no eido da dixitalización, atópase o plan de axudas previstas no Real Decreto 641/2021 de 27 de xullo polo que se regula a concesión directa de subvencións a Universidades públicas españolas para a dixitalización e modernización do SUE (Sistema Universitario Español). Existen proxectos propios e colaborativos.

En cuarto lugar, se conseguiron 12 proxectos no eido das enerxías renovables e almacenamento de enerxía. Supón un investimento de 1,1 millóns de euros dos cales 0,864 proceden da axuda concedida. Con estes proxectos preténdese avanzar no obxectivo do desenvolvemento sustentable do cambio climático (ODS13) e do obxectivo de enerxías non contaminantes (ODS 7).

Táboa 9.- Síntese dos obxectivos estratéxicos e operativos e programas asociados ao POA de financiamento e uso eficiente dos recursos

Obxectivo estratéxico	Obxectivos operativos	Accións ou programas que se desenvolven e unidade responsable/coordinadora	
OE3_Inv: Captación de fondos “Next Generation EU”	INV_OP7 Impulsar a captación de fondos Next Generation EU.	P21_Inv.- Presentación de proxectos integrais de eficiencia enerxética e enerxías renovables en convocatorias de fondos europeos (Fondo REACT, MRR e outros fondos) de financiamento público ou público-privado de concorrencia competitiva P22_Inv.- Presentación de proxectos estratéxicos para a recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) P23_Inv.- Creación da Oficina Next Generation e da rede de apoio para o seguimento e execución dos proxectos institucionais e interdisciplinares desenvolvidos con Next Generation EU. P24_Inv.- Formación do persoal da oficina Oficina Next Generation e de persoal de servizos involucrados na xestión e na xustificación dos fondos P25_Inv.- Elaboración e presentación de propostas aos Next Generation EU orientados á dixitalización da xestión de investigación, á mellora das infraestruturas e equipamentos da UDC asociados ás liñas de especialización e á mellora en materia de transferencia de coñecemento	P21_Inv.; UC: Oficina NG P22_Inv.; UC: Oficina NG P23_Inv.; UC: Oficina NG P24_Inv.; UC: Xerencia P25_Inv.; UC: Oficina NG
	INV_OP8 Apoiar a xustificación dos fondos Next Generation EU	P26_Inv.- Fortalecemento da xestión e xustificación de fondos NG	P26_Inv.; UC: Oficina NG

2.4. Definir e implantar un ecosistema dinamizador da actividade investigadora e de transferencia, e incrementar a colaboración coas empresas da contorna.

No que se refire ao obxectivo estratéxico 4, os obxectivos operativos serían implantar mecanismos estables de recepción e difusión das necesidades das empresas, formar e informar a comunidade universitaria para mellorar a capacidade de transferir resultados de investigación, reforzar e coordinar os servizos de xestión da transferencia e potenciar a acreditación de ensaios realizados polos Servizos de Apoio á Investigación e incrementar a súa colaboración co tecido produtivo.

Os programas que destacan son: Aumentar a visibilidade coa nosa contorna, fortalecer a relación co ecosistema empresarial, coordinar o funcionamento das estruturas de xestión de transferencia da UDC, potenciar a colaboración co sector produtivo e traballar en colaboración cos centros de investigación do SUG, a potenciación da acreditación de ensaios realizados polos Servizos de Apoio á Investigación e incremento da súa colaboración co tecido produtivo.

Con todo elo preténdese dar a coñecer o sector produtivo as capacidades do sistema de I+D+i da UDC e xerar lazos estables de colaboración no tempo para aumentar a transferencia do lado da universidade, tecido produtivo do lado empresarial así como a mellora económica da sociedade.

Táboa 10.- Obxectivos operativos e accións ou programas asociados ao POA da área de Investigación

Obxectivo estratéxico	Obxectivos operativos	Accións ou programas que se desenvolven e unidade responsable/coordinadora	
Inv_OE4: Definir e implantar un ecosistema dinamizador da actividade Investigadora e de transferencia, incrementar a colaboración coas Empresas da contorna	OE4_Inv_op9. Aumentar e mellorar os recursos de apoio á transferencia de resultados.	P28_Inv.- Elaboración de protocolos comúns para transferir os resultados da investigación	P28_Inv.; UC: OTRI
	OE4_Inv_op10. Intensificar a relación con institucións, empresas e entidades sociais	P29_Inv.- Organización de eventos UDC-empresa por sectores P30_Inv.- Asistencia activa a feiras empresariais en todos os sectores nos que a UDC teña Investigación P32_Inv.- Actualización e promoción anual da oferta tecnolóxica da UDC por centro de investigación e de maneira xeral. P33_Inv.- Promoción, entre as empresas, dos ensaios acreditados dispoñibles na UDC. P34_Inv.- Impulso aos doutoramentos industriais para favorecer a conexión empresa-universidade. P35_Inv.- Elaboración dun protocolo de colaboración entre os órganos da UDC implicados na transferencia P38_Inv.- Captación de fondos para infraestruturas singulares asociadas a ensaios acreditables, garantindo tamén a necesaria presenza de persoal técnico para a súa xestión.	P29_Inv.; UC: OTRI P30_Inv.; UC: OTRI P32_Inv.; UC: OTRI P33_Inv.; UC: OTRI P34_Inv.; UC: EIDUDC P35_Inv.; UC: CCoI P38_Inv.; UC: SAI

2.5. Mellorar os procesos de selección, promoción e consolidación do persoal docente e investigador na institución, favorecendo o desenvolvemento da súa carreira investigadora.

Trátase de revisar as normativas internas da UDC para adecualas as esixencias do selo europeo HRS4R. Igualmente, trátase de coordinar as solicitudes de figuras de captación de talento co mapa de necesidades elaborado e de aliñar os procedementos de selección/contratación de persoal investigador coas novidades lexislativas de acordo coas directrices do logo HRS4. O pasado mes de novembro se informou que a comisión avaliadora do selo europeo concedeu o informe favorable con cambios menores. Isto supón un excelente resultado para a Universidade.

Destaca o impulso do desenvolvemento da carreira investigadora do pdi e mellorar os procesos de promoción e consolidación o tempo cos de formación do persoal investigador.

Táboa 11.- Obxectivos operativos e accións ou programas asociados ao POA da área de Investigación

Obxectivo estratéxico	Obxectivos operativos	Accións ou programas que se desenvolven e unidade responsable/coordinadora	
Inv_OE5: Mellorar os procesos de selección, promoción e consolidación do persoal docente e investigador na institución, favorecendo o desenvolvemento da súa carreira investigadora.	INV_OP12 Mellorar a captación de investigadores predoutorais e posdoutorais aliñando os procedementos coas directrices do logo europeo HRS4R	P40_Inv.- Coordinación das solicitudes de figuras de captación de talento co mapa de necesidades elaborado. Unidade responsable: VPCIT P41_Inv.- Aliñamento dos procedementos de selección/contratación de persoal investigador coas novidades legislativas de acordo coas directrices do logo HRS4R. Unidade responsable: VPCIT	P40_Inv; UC: VPCIT P41_Inv; UC: VPCIT

3. RESPONSABILIDADE SOCIAL

3.1. Unha universidade que impulsa o cambio social

Este obxectivo busca proxectar a UDC como unha institución que impulsa o cambio social, a cultura e a lingua. Queremos contribuír á paz dos nosos pobos e concienciar a nosa comunidade universitaria da necesidade de facer un mundo máis igualitario, xusto e sustentable.

Entre os obxectivos operativos que destacan para o obxectivo estratéxico 1 (OE1) referido a unha universidade que impulsa o cambio social sobresaen 5. En primeiro lugar, fortalecer a participación da comunidade universitaria na sociedade e a sensibilización sobre o acoso e as violencias machistas. En segundo lugar, fomentar a participación da cidadanía e as institucións na comunidade universitaria. En terceiro lugar, fomentar os hábitos para unha universidade saudable. En cuarto lugar, contribuír á normalización da lingua galega e finalmente promover o desenvolvemento de competencias transversais en todas as titulacións. Finalmente, sensibilizar a comunidade universitaria no eido da diversidade e da inclusión social e fomentar a compra socialmente responsable.

No que se refire a *fortalecer a participación da comunidade universitaria*, a UDC a través da Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte ten, entre as súas funcións, a promoción e a difusión das actividades culturais e da cultura científica e dos coñecementos entre a sociedade galega e, máis concretamente, no contorno da provincia da Coruña. Destaca a promoción da metodoloxía de aprendizaxe-servizo para fomentar a participación do PDI e a realización do itinerario formativo, que inclúe os cursos básicos de formación en voluntariado e os cursos de formación específica. A participación da comunidade universitaria é tamén o aspecto fundamental das actividades de Educación para a sustentabilidade, que incorpora a participación activa a través do programa Green Campus e o persoal bolseiro da OMA-Green Campus, que se concretou en actividades como o Marzo Ambiental 2020, o Curso en liña Campus-Casa-Cidade Laboratorios do Cambio, e o proxecto de Custodia do territorio no Monte da Fraga, levados a cabo pola OMA (Oficina de Medio Ambiente) contaron cun orzamento de 50.000 euros. O programa de Educación para a sustentabilidade ampliou o seu ámbito directo de incidencia incorporando o norte de Lugo (A Mariña), que ven a sumarse á toda a provincia da Coruña.

No apartado de fomento dos hábitos para unha universidade saudable , a Área de Deportes realiza un importante labor na difusión de hábitos saudables entre a comunidade universitaria. A Área de Deportes realiza un importante labor na difusión de hábitos saudables entre a comunidade universitaria, ademáis do programa xeral de actividade física para toda a comunidade universitaria destaca o novo programa “Pausa en Movemento” que pretende crear hábitos saudables e contrarestar os efectos nocivos do sedentarismo

A UDC Saudable desenvolve actividades dirixidas a promover a saúde na comunidade universitaria colaborando con entidades sociosanitarias. Esta unidade tamén organiza actividades dirixidas a promover a saúde na cultura universitaria, nas súas políticas institucionais, estrutura, procesos e plans de estudos. Na area UDC Saudable destaca a promoción dos hábitos, rutinas e estilos de vida saudable, nutrición/benestar físico, benestar biopsicosocial, doazón de sangue, órganos e tecidos; habilidades para a vida, xestión do tempo e ocio saudable e inclusivo. Destacan os seguintes programas:

- **Divulgación para hábitos, rutinas e estilos de vida saudable, cunha dotación de 10.000 euros.**

- **Nutrición/benestar físico, divulgación** sobre o coñecemento para unha alimentación saudable: **Proxecto Nutriciona 2022-2023**, cunha dotación de 15.000 euros. Entre os obxectivos destacan o apoio á mesa de contratación da UDC na realización dos pregos (cafetarías e máquinas de *vending*), o apoio, divulgación, asesoramento e formación a entidades de restauración colectiva vinculadas á UDC (canal de dúbidas, formación sobre seguridade alimentaria segundo os criterios ICTE-Instituto para a Calidade Turística Española). É de salientar a asesoría que presta a UDC Saudable e a divulgación mediante infografías, microvídeos, a asesoría aos programas Green Campus (Ferrol, Riazor Facultade de Economía e Empresa), a colaboración coas entidades con convenio UDC e coas oficinas da UDC (OCV, OMA, OIX, PRL, Campus de Especialización, etc, o deseño de contidos para a web UDC Saudable, Yammer UDC Saudable e redes 2.0 (receitas actualizadas e atractivas, consellos, boas prácticas, mensaxes saudables, contido audiovisual e infográfico propio, entre outros).

- **Benestar biopsicosocial** (8.000 euros). O Programa Afrontemos. Consiste na atención especializada psicolóxica (consulta psicoterapéutica con especialistas en psicoloxía sanitaria e clínica) que ten por obxectivo o afrontamento psicolóxico ante as dificultades e o estrés, dando apoio á comunidade universitaria e ás familias que se atopan nunha situación máis vulnerable.

Programa Espazo Compartido, que permite **fomentar a inclusión laboral de mozos e mozas con discapacidade cognitiva**. Continuarase a fomentar a inclusión dos estudantes de espazo Compartido nas materias das titulacións oficiais de grao e mestrado. Dentro do programa EC traballarase para afianzara mobilidade nacional e internacional do estudantado. Tamén se procurará unha rede nacional cos títulos de mocidade con discapacidade intelectual, ademais de promover o deporte inclusivo e adaptado e darlle maior visibilidade entre a comunidade.

Na sección da *contribución á normalización da lingua galega* destaca o apoio á elaboración de manuais e materiais docentes en galego, o impulso á capacitación do profesorado e do PAS para utilizar o galego mediante cursos de formación que se realizan en liña e a preparación das guías docentes (tradución, corrección e asesoramento por parte do SNL) que se deberán redactar cando menos en galego e castelán e, opcionalmente, en inglés.

Por último, co obxectivo de *sensibilizar a comunidade universitaria no eido da diversidade e da inclusión social*, propónse a realización de actividades de sensibilización da comunidade universitaria en temas relacionados coa diversidade e de proxección do servizo de atención fóra dela e a difusión dos obxectivos e o traballo que desenvolvemos na UDC no ámbito da inclusión e especificamente na ADI en artigos en revistas científicas do ámbito estatal e internacional.

Táboa 12. Obxectivo estratéxico e operativos asociados ao POA de Responsabilidade Social

Obxectivo estratéxico	Obxectivos operativos	Accións ou programas que se desenvolven e unidades responsables	
RS_OE1: Posicionar a UDC como unha universidade con identidade propia que impulsa o cambio social, a cultura e a lingua galegas, así como a paz e a solidariedade entre os pobos para unha cidadanía global	RS_OP1 Promover o compromiso da comunidade universitaria co progreso social	P1_RS.- Obradoiros abertos á cidadanía, recuperación do río Lagar, limpeza de praias e reforestación do monte da Fraga. P2_RS.- Cursos, seminarios, convocatorias, programas de voluntariado. Proxectos de sensibilización e outras propostas ofertadas pola Oficina de Cooperación e Voluntariado P4_RS.- Impulso de actividades culturais e artísticas en diferentes espazos dos campus da Universidade da Coruña, así como fomento da participación da comunidade universitaria e da cidadanía desde o centro de intervención cultural NORMAL. P5_RS.- Visibilización do ámbito cultural e artístico, nas súas diversas vertentes (artes visuais, música, artes performativas, literatura etc.) do alumnado e para o benestar das persoas. P6_RS.- Consolidación da Oficina de Medio Ambiente (OMA). P8_RS.- Cursos, seminarios, convocatorias, programas de voluntariado e outras propostas ofertadas pola Oficina de Cooperación e Voluntariado (curso formación básica en voluntariado; curso posgrao de cooperación e educación para o desenvolvemento; xornadas sobre interculturalidade; exposicións e dinámicas de sensibilización nos campus sobre temáticas relacionadas coa xustiza social, os DDHH; convocatorias para levar a cabo accións de EpD, convocatoria de proxectos de coñecemento da realidade para o alumnado e tamén a convocatoria de proxectos de coñecemento da Cooperación para PAS e PDI; premios para os mellores TFG e TFM en cooperación. Pertenza á RGCUD (Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento), que oferta formacións, concursos, seminarios, etc. P9_RS.- Desenvolvemento de proxectos inclusivos e específicos para empatizar e comprender a diversidade e seguimento da súa difusión e coñecemento pola sociedade. P10_RS.- Desenvolvemento de formación básica en vida saudable e desenvolvemento sustentable con perspectiva inclusiva e de xénero para membros de novo ingreso na comunidade UDC: PDI, PAS e estudiantado. P11_RS.- Cursos, seminarios, convocatoria de accións de Educación para o Desenvolvemento (EpD), sensibilización e participación social, proxectos de sensibilización e programas de voluntariado e outras propostas ofertadas pola Oficina de Cooperación e Voluntariado	P1; UC: VIS P2; UC: VCFRS P6; UC: VIS P9; UC: VCFRS P10; UC: VCFRS+VIS+VICD UC: VIS UC: VICD UC: VCFRS Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deportes, Secretaría Xeral Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social

Obxectivo estratéxico	Obxectivos operativos	Accións ou programas que se desenvolven e unidades responsables	
	RS_OP2 Contribuír á dinamización da cultura galega e do seu patrimonio	P12_ RS.- Formación en competencias de lingua galega para o persoal da universidade, de cara á súa normalización real. P13_ RS.- Incremento da docencia en lingua galega. P14_ RS.- Aproximación da lingua e a cultura galegas ao alumnado de Erasmus. P15_ RS.- Promoción do uso da lingua galega nas publicacións do profesorado e do alumnado. P16_ RS.- Consolidación do servizo de publicacións cos recursos humanos necesarios para un servizo destas características. P17_ RS.- Conversión dos campus en parques de especies de vexetación autóctona que preserven a biodiversidade e o uso público, potenciando o coñecemento botánico e amosando o compromiso da universidade coa biodiversidade e coa identidade. P19_ RS.- Potenciación da relación co Castro de Elviña como identificador cultural da UDC. P20_ RS.- Recuperación da toponimia orixinal dos espazos ocupados polo campus universitario. P21_ RS.- Desenvolvemento de actividades relacionadas coas distintas vertentes da cultura tradicional galega. P22_ RS.- Deseño e posta en marcha dun proxecto de voluntariado específico en colaboración con outros servizos.	Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deportes, Secretaría Xeral Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social

Obxectivo estratéxico	Obxectivos operativos	Accións ou programas que se desenvolven e unidades responsables	
RS_OE1: Posicionar a UDC como unha universidade con identidade propia que impulsa o cambio social, a cultura e a lingua galegas, así como a paz e a solidariedade entre os pobos para unha cidadanía global	RS_OP3 Promover proxectos de cooperación en voluntariado con Comunidades máis desfavorecidas	P23_ RS.-Continuación do desenvolvemento dos proxectos neste ámbito pola OCV. Promoción tamén de convocatorias de axudas e programas de voluntariado enfocados a atender colectivos máis vulnerables. Colaboración e coordinación con ONGD e outros axentes da cooperación. P24_ RS.-Proposta de convocatorias de proxectos de coñecemento da realidade para o alumnado e de proxectos de coñecemento da cooperación para PAS e PDI. P25_ RS.-Apoio ás asociacións vinculadas, tales como Arquitectura sen Fronteiras, Enxeñaría sen Fronteiras.	UC: VIS UC: VICD UC: VCFRS Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deportes, Secretaría Xeral Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social

3.2. Unha universidade responsable do seu impacto ambiental

Abordaranse medidas para a mellora da eficiencia e o aforro enerxético e a promoción das enerxías renovables nos edificios universitarios, convertendo a nosa institución nun axente dinamizador da sociedade e formador de profesionais que asuman, desde as súas futuras responsabilidades, decisións que repercutirán no consumo enerxético.

Táboa 13.- Obxectivo estratéxico e operativos asociados ao POA de Responsabilidade Social

Obxectivo estratéxico	Obxectivos operativos	Accións ou programas que se desenvolven e unidades que xestionan	
RS_OE2: Situar a nosa universidade como unha Institución responsable do seu impacto ambiental	RS_OP4 Abordar medidas de mellora de eficiencia e aforro enerxético, e de promoción das enerxías renovables	P26_ RS.- Creación dunha comisión de sustentabilidade da UDC como mecanismo formal de participación da comunidade universitaria. P27_ RS.- Consolidación e dinamización dos plans ambientais de centro, de acordo con modelos do programa Green Campus ou doutros sistemas de xestión ambiental (EMAS, ISO etc.) cando estes se avalíen como preferibles. P28_ RS.- Actualización da Guía para a sustentabilidade na UDC como documento marco xeral de actuación no ámbito do OE1. P29_ RS.- Consolidación da comisión técnica da UDC saudable, de xeito que permita mellorar e potenciar as accións neste tema. P30_ RS.- Elaboración e implantación dos plans de prevención das diferentes tipoloxías de residuos, incluídos os residuos perigosos. P31_ RS.- Avance na recollida separada de calidade de todas as fraccións de residuos asimilables a urbanos. P32_ RS.- Consolidación do modelo de compostaxe e aproveitamento in situ dos biorresiduos da UDC. P34_ RS.- Desenvolvemento de campañas anuais dirixidas a aumentar a sensibilidade da comunidade universitaria en relación cos impactos ambientais dos usos da enerxía e á difusión do potencial de aforro de enerxía e auga nos edificios. P35_ RS.- Adopción de medidas necesarias para o incremento da eficiencia enerxética e a eficiencia no uso da auga. P36_ RS.- Potenciación do uso de sistemas e fontes de enerxía renovables. P37_ RS.- Implementación de actuacións de drenaxe sustentable e solucións baseadas na natureza que melloren a calidade da auga e do aire, e que proporcionen lugares de lecer, encontro e contemplación.	P26 a P37 (excepto P29); UC: VCFRS P29; UC:VCFRS Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade Oficina de Medio-Ambiente

Obxectivo estratéxico	Obxectivos operativos	Accións ou programas que se desenvolven e unidades que xestionan	
	RS_OP5 Impulsar medios de mobilidade sustentable que faciliten a accesibilidade combinando se impacto ambiental	P38_ RS.- Impulso de medidas de sustentabilidade no deseño e o uso do espazo público e nos modos de mobilidade. P39_ RS.- Promoción dos medios non motorizados e o transporte público colectivo. P40_ RS.- Implementación de actuacións encamiñadas á sensibilización da comunidade universitaria. P41_ RS.- Potenciación das actuacións de adecuación das infraestruturas propias a un modelo de mobilidade sustentable. P42_ RS.- Desenvolvemento de actividades para a redución do espazo do campus e centros destinados ao vehículo motorizado particular. P43_ RS.- Potenciación do establecemento de vías de colaboración coas institucións competentes na xestión da mobilidade urbana e metropolitana.	P38 a P43 (excepto P40); UC: VIS (OMA)
	RS_OP6 Potenciar a mellora da biodiversidade e a sustentabilidade medioambiental nas instalacións da UDC	P44_ RS.- Avance na erradicación de especies exóticas invasoras (EEI). P45_ RS.- Análise e mellora da biodiversidade no monte da Fraga. P46_ RS.- Incremento das áreas do campus destinadas á horta e diversificación da súa tipoloxía. P47_ RS.- Impulso da conversión gradual das prácticas de xardinería en favor dunha maior biodiversidade. P48_ RS.- Dinamización dos procedementos e alcance da compra e contratación verde definidos na normativa europea. P49_ RS.- Desenvolvemento de estratexias de economía circular que incorporen medidas e obxectivos neste eido. P50_ RS.- Aplicación das propostas da CRUE-Sustentabilidade para avanzar na introdución de criterios de sustentabilidade en subministracións relativas á edificación, mobiliario, equipos informáticos, equipamento científico, enerxía, material de oficina e papel, máquinas expendedoras de comida e bebida, así como en servizos de cafetería e comedores, reprografía, limpeza, mantemento, xardinería, parque	P44 a P48; UC: VIS

Obxectivo estratéxico	Obxectivos operativos	Accións ou programas que se desenvolven e unidades que xestionan	
		móbil e organización de eventos. P51_RS.- Elaboración dun procedemento de seguimento para a avaliación deste obxectivo. P52_RS.- Establecemento dun indicador sobre a sustentabilidade ambiental nas guías docentes.	

3.3. Unha universidade que promove hábitos, rutinas e estilos de vida saudable

Na UDC estendemos o noso compromiso coa saúde e a seguridade a todas as nosas actuacións. Trátase de participar na coordinación e a realización de diferentes actuacións de vida saudable na comunidade universitaria con proxección social: actividade física e actividade cotiá; lecer e tempo libre; alimentación saudable; benestar psicosocial; uso e abuso de alcohol, tabaco, drogas e outras adiccións; inclusión saudable das persoas con diversidade e fraxilidade nas persoas (infancia, maiores, enfermidades); ou orientación pedagóxica, entre outros .

Táboa 14.- Obxectivo estratéxico e operativos asociados ao POA de Responsabilidade Social

Obxectivo estratéxico	Obxectivos operativos	Accións ou programas que se desenvolven e unidades responsables	
RS_OE3: Intensificar as accións da universidade que promocionan hábitos, rutinas e estilos de vida saudables, en especial a atención biopsicosocial e a xestión proactiva e preventiva da vixilancia da saúde con estratexias dirixidas a toda a comunidade universitaria	RS_OP7 Promover iniciativas que fagan contribuír a unha vida saudable da comunidade universitaria	P53_RS.- Continuidade e ampliación, a todos os edificios da UDC, do programa “Pausa en Movemento” dirixido a toda a comunidade universitaria co fin de evitar as problemáticas derivadas do sedentarismo. P55_RS.- Fortalecemento das estratexias de comunicación e concienciación en promoción de saúde, prevención de enfermidade e desenvolvemento sustentable. P56_RS.- Promoción da adhesión da UDC á Declaración de Luxemburgo. P57_RS.- Comezo, coas universidades galegas, da conformación da Rede Galega de Universidades Promotoras de Saúde (REGAUPS). P59_RS.- Elaboración de convenios con entidades sociosanitarias, sociais e sanitarias das contornas. P60_RS.- Impulso e potenciación do mes Outubro UDC Saudable. P61_RS.- Desenvolvemento de formación para a promoción de saúde e prevención de enfermidades. P62_RS.- Impulso á acción comunitaria interna coas oficinas, as unidades e os servizos ligados á responsabilidade social e á sustentabilidade. P63_RS.- Impulso da colaboración cos programas Green Campus nun modelo de persoacomunidade-contorno, na área de estilos de vida saudable, e potenciación, na medida da posibilidade, da sustentabilidade social nos mencionados programas. P64_RS.- Desenvolvemento de memorias anuais de vida saudable na UDC. P65_RS.- Desenvolvemento de contornos seguros, saudables e sustentables. P66_RS.- Establecemento dun código de conducta ou de boas maneiras e declaracións medioambientais e de vida saudable. P67_RS.- Impulso da realización de campañas comunitarias e en grupos pequenos de desintoxicación de tabaco, alcohol e outras adiccións.	P53_RS; UC: VICD P55_RS; UC: VCFRS P56_RS; UC: VCFRS P57_RS; UC: VCFRS P59_RS; UC: VCFRS P60_RS; UC: VCFRS P61_RS; UC: VCFRS P62_RS; UC: VCFRS+ VIS+VICD P64_RS; UC: VCFRS P65_RS; UC: VCFRS+VIS P66_RS; UC: VCFRS+VIS P67_RS; UC: VCFRS P68_RS; UC: VCFRS P69_RS; UC: VCFRS P70_RS; UC: VICD+VCFRS P71_RS; UC: VCFRS P73_RS; UC: VICD P74_RS; UC: VICD P79_RS; UC: VICD+VCFRS

Obxectivo estratéxico	Obxectivos operativos	Accións ou programas que se desenvolven e unidades responsables	
		P68_RS.- Estudo das formas de implementación na UDC da estratexia REUPS sobre o consumo de alcohol unha vez sexa aprobada pola CRUE. P69_RS.- Establecemento de estratexias para abordar as adicións comportamentais e as tecnoloxías, nas liñas establecidas pola REUPS, unha vez sexan aprobadas pola CRUE. P70_RS.- Elaboración da normativa para as festas universitarias da UDC, tendo en conta as liñas establecidas pola REUPS, unha vez sexan aprobadas pola CRUE. P71_RS.- Traballo na procura de recursos para a creación dun servizo de asesoramento e atención psicolóxica e psicopedagóxica dende unha perspectiva biopsicosocial. Obradoiros, exposicións, infografías, mensaxes de correo electrónico, intranet ou taboleiros, sobre benestar biopsicosocial e sobre hábitos nutricionais. P73_RS.- Mantemento do programa de actividade física saudable da área de deportes. P74_RS.- Organización de actividades físicas dentro e fóra do horario de traballo. P76_RS.- Licitación dos pregos de máquinas de vending e, progresivamente, os pregos de cafeterías universitarias. Seguimento e auditorías destes. Menús saudables e sustentables, minimizando a oferta de produtos pouco saudables. P77_RS.- Establecemento de espazos confortables, limpos e equipados, cando se requira, nas facultades ou escolas, para comer ou facer un descanso, na medida das posibilidades. P78_RS.- Oferta de auga gratuíta mediante fontes nas facultades e escolas UDC e nos edificios administrativos. P79_RS.- Fomento e establecemento de estratexias que permitan unha aproximación en grupos pequenos, en termos de actividade física e alimentación saudable e sustentable, dirixida á mellora do benestar e da calidade de vida dos membros da comunidade universitaria. P80_RS.- Establecemento de estratexias para avaliar riscos psicosociais, o desgaste profesional e a conciliación da vida familiar e laboral.	Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social UDC Saudable

Obxectivo estratéxico	Obxectivos operativos	Accións ou programas que se desenvolven e unidades responsables	
	RS_OP8 Potenciar as colaboracións, os programas e os servizos á comunidade universitaria que permitan mellorar a súa calidade de vida	P81_RS.- Impulso da acción comunitaria coas entidades sociosanitarias, sociais e sanitarias externas. P82_RS.- Información, formación, comunicación e concienciación en asuntos biopsicosociais, técnicas de relaxación e sobre soño e descanso. P85_RS.- Establecemento de recomendacións de xestión do tempo e das rutinas como determinantes de saúde.	P81_RS; UC: VCFRS P82_RS; UC: VCFRS P85_RS; UC: VCFRS Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deportes, Secretaría Xeral Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social

3.4. Unha universidade feminista libre de violencias de xénero

A UDC entende a súa institución como un espazo aberto que prevén e actúa sobre as causas que sustentan as desigualdades de xénero. Desde os cimentos da nosa cultura universitaria, buscaranse mecanismos de acompañamento e asesoramento á violencia de xénero que se produza nos campus e impulsaranse programas para a conciliación familiar, así como unha cultura de impulso á igualdade entre homes e mulleres no ámbito académico-científico, social e cultural.

No que se refire ao impulso da igualdade entre homes e mulleres hai que citar os seguintes programas. En primeiro lugar, preténdese reforzar tanto a nivel humano como de espazos a Oficina de Igualdade de Xénero, con sede na Coruña e en Ferrol, para continuar as políticas que promovan a igualdade. Mantense o financiamento de 16.000€. Salientamos tamén a difusión entre a comunidade universitaria da UDC do II Plan de Igualdade entre Mulleres e Homes e o proceso de elaboración do III Plan. En terceiro lugar destaca o desenvolvemento de actividades na Aula de Formación para a Igualdade de Xénero, en colaboración co CUFIE e a Sección de formación de PAS para a prevención da violencia de xénero, así como formación para integrar a perspectiva de xénero na docencia, na investigación e na xestión. Tamén se van desenvolver accións de difusión para incrementar a presenza das mulleres nas carreiras máis masculinizadas e seguir promovendo a Rede Interuniversitaria para a docencia e investigación con perspectiva de xénero. Finalmente, destacan a convocatoria do concurso de traballos académicos con perspectiva de xénero Ángeles Alvariño e a conmemoración do 8 de marzo, 25 de novembro e 11 de febreiro. Finalmente, destacase o plan de formación en igualdade e diversas accións que se realiza grazas aos fondos do Pacto de Estado.

Táboa 15.- Obxectivo estratéxico e operativos asociados ao POA de Responsabilidade Social

Obxectivo estratéxico	Obxectivos operativos	Accións ou programas que se desenvolven e unidades responsables	
RS_OE4: Identificar a UDC com unha universidade feminista libre de violencias de xénero	RS_OP9 Reforzar, promover, difundir e concienciar nunha cultura de igualdade entre homes e mulleres	P88_RS.- Potenciación do liderado feminino en todos os ámbitos universitarios: proxectos de investigación, dirección de grupos de investigación, departamentos, decanatos etc. P89_RS.- Visibilidade ás achegas das mulleres, con especial interese nos ámbitos de coñecemento nos que están infrarrepresentadas. P90_RS.- Deseño de estratexias, por centros, que aseguren a paridade en tribunais de TFG, TFM ou calquera comisión dos centros e dos departamentos. P91_RS.- Introducción da perspectiva de xénero en todos os programas desenvolto por calquera das áreas da UDC. P92_RS.- Incorporación da variable sexo nos documentos de resolución de todas as convocatorias publicitadas na UDC (acreditacións, convocatorias docentes, oposicións, promoción interna, concursos de acceso, proxectos de investigación etc.). P93_RS.- Incorporación da variable de sexo en calquera análise que se faga na UDC, incluíndo a distribución de recursos económicos, para poder coñecer como se distribúen estes desde a perspectiva de xénero. P94_RS.- Fomento do emprego dunha linguaxe non sexista en todos os documentos da UDC, así como en todas as comunicacións ou medios propios, como web e redes sociais. P96_RS.- Fomento na FUAC , así como no Consello Social e no Consello de Goberno, da presenza paritaria de mulleres no seu padroado e representantes do seu Consello Asesor, tal como se establece na Lei de igualdade. P97_RS.- Promoción da paridade entre mulleres e homes nas propostas de nomeamentos honoris causa, nos premios de deportes, entre o profesorado que imparte leccións inaugurais e, en xeral, entre as persoas sobre as que recaen distincións e honras. P98_RS.- Fortalecemento do Plan de formación en igualdade da UDC dirixido a PDI e alumnado. P99_RS.- Deseño dun plan específico de formación en igualdade para PAS. P100_RS.- Impulso dunha formación específica en igualdade e xénero dirixida ao persoal do Servizo de Preven-	P88_RS; UC: VPCIT, VPAID, VICD P90_RS; UC: VPAID P91_RS; UC: Todas as Vicerreitorías. P92_RS; UC: Todas as Vicerreitorías. P93_RS; UC: Todas as Vicerreitorías. P94_RS; UC: Todas as Vicerreitorías. P95_RS; UC: Todas as Vicerreitorías. P96_RS; UC: FUAC, Consello Social, Equipo de Goberno UDC P97_RS; UC: Equipo de Goberno UDC P98_RS; UC:

Obxectivo estratéxico	Obxectivos operativos	Accións ou programas que se desenvolven e unidades responsables	
		ción de Riscos Laborais para integrar a perspectiva de xénero no seu labor.	VICD P99_RS; UC: VICD e Comisión de Formación do PAS P100_RS; UC: VICD Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deportes OIX
	RS_OP10 Reforzar, promover, difundir e concienciar nunha cultura de igualdade entre homes e mulleres	P103_RS.- Fomento da incorporación da perspectiva de xénero nas distintas materias, mediante cursos de formación para o PDI e o posterior recoñecemento ao profesorado (docencia, acreditacións, méritos na promoción etc.). Farase especial fincapé nas titulacións impartidas en Ciencias da Educación, Ciencias Xurídicas e de Ciencias da Comunicación. P104_RS.- Deseño e implementación dun curso sobre prevención de violencia de xénero dirixido a alumnado e outro a persoal traballador da UDC. P105_RS.- Promoción da introdución dun módulo específico de prevención da violencia de xénero no ámbito escolar no Mestrado de Profesorado da ESO, Bacharelato, Formación Profesional e ensino de idiomas. P107_RS.- Oferta de distintas actividades de carácter transversal nos estudos de doutoramento, co fin de incorporar a perspectiva de xénero na investigación en todos os eidos de coñecemento. P108_RS.- Continuación da promoción da linguaxe e imaxes inclusivas e non sexistas en todas as publicacións e materiais universitarios, prestando especial atención ás guías docentes. P109_RS.- Favorecemento, sempre que sexa posible, da habilitación de espazos e actividades de coidado e atención a menores durante as formacións e outras actividades que se desenvolvan na UDC.	P103_RS; UC: VICD+VPAID P104_RS; UC: VICD P105_RS; UC: VICD+VPAID P107_RS; UC: VICD+VPAID P108_RS; UC: VICD+VPAID P109_RS; UC: VICD+VPAID P113_RS; UC: VICD + Secretaría Xeral P114_RS; UC:

Obxectivo estratéxico	Obxectivos operativos	Accións ou programas que se desenvolven e unidades responsables	
		P113_RS.- Mellora do protocolo actual contra o acoso da UDC e adaptación deste á nova lei de convivencia. P114_RS.- Avaliación periódica da prevalencia das distintas violencias de xénero e acoso na comunidade universitaria.	VICD Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deportes, Secretaría Xeral Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social
	RS_OP11 Impulsar mecanismos de acción e control de violencia de xénero e acoso	P115_RS.- Fomento nos pregos de prescricións técnicas dos contratos que a UDC teña asinados con empresas externas da inclusión de criterios en materia de igualdade dentro das súas cláusulas sociais, como poden ser a disposición de plan de igualdade na empresa, plans de conciliación, protocolos de acoso etc. P116_RS.- Promoción de iniciativas para facilitar o traslado a outros centros ou universidades de vítimas de violencia de xénero. P117_RS.- Deseño e implementación dun sistema efectivo de acompañamento e asesoramento a vítimas de violencia e acoso por razón de sexo. P118_RS.- Formación de todo o PAS e o PDI sobre a mellor forma de recibir e derivar persoas vítimas de violencia de xénero. P119_RS.- Comparecencia da Universidade da Coruña como acusación particular cando se xudicialice un caso de acoso sexual ou agresión ou abuso sexual que sucedera no seu ámbito, laboral e/ou académico, ou como resultas deste.	P115_RS; UC: Xerencia P116_RS; UC: Xerencia P117_RS; UC: VICD P118_RS; UC: VICD P119_RS; UC: Secretaría Xeral e Asesoría Xurídica

3.5. Unha universidade que incentiva e fomenta unha cultura de non discriminación

Debemos ter a mirada posta en dúas cuestións fundamentais no que respecta á diversidade: en primeiro lugar, na educación é onde se viven gran parte de conflitos culturais; en segundo lugar, é na educación onde se pode influír de forma máis directa en sentar as bases dunha convivencia intercultural.

Táboa 16.- Obxectivo estratéxico e operativos asociados ao POA de Responsabilidade Social

Obxectivo estratéxico	Obxectivos operativos	Accións ou programas que se desenvolven e unidades responsables	
RS_OE5: Incentivar e fomentar unha cultura de non discriminación	RS_OP12 Desenvolver programas que conciencien e faciliten a inclusión social dentro da diversidade como signo característico da UDC	P120_RS.- Convocatorias de bolsas e axudas propias polo Servizo de Estudantes para paliar as dificultades económicas do estudiantado (comedor, transporte etc.) co obxectivo de tratar de evitar que se abandonen os estudos por necesidades económicas. P121_RS.- Impulso á convocatoria UDC Abriga de axuda a estudantes refuxiados ou en situación de protección internacional. P122_RS.- Consolidación e reforzo das axudas ao estudiantado con necesidades económicas. P123_RS.- Consolidación da Unidade de Atención á Diversidade da UDC. P124_RS.- Promoción do Campus Diverso UDC. P125_RS.- Mellora e ampliación do programa formativo que se desenvolve dentro da Aula de Formación en Diversidade da UDC. P126_RS.- Xeración de contidos multimedia que sensibilicen a comunidade universitaria a través de campañas sobre a diversidade da sociedade. P127_RS.- Fomento da incorporación da perspectiva de xénero nas distintas materias, mediante cursos de formación para o PDI e o posterior recoñecemento ao profesorado (docencia, acreditacións, méritos na promoción etc.). Farase especial fincapé nas titulacións impartidas en Ciencias da Educación, Ciencias Xurídicas e de Ciencias da Comunicación.	Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deportes, OIX Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade
	RS_OP13 Avanzar en medidas que impulsen a cultura do respecto e de compromiso compartido	P128_RS.- Consolidación do título propio Espazo Compartido. P129_RS.- Impulso ao desenvolvemento e ao traballo en rede coa rede SAPDU (Servizo de Atención a Persoas con Discapacidade nas Universidades). P130_RS.- Desenvolvemento de accións para xerar unha cultura de respecto ante as diferentes diversidades sociais. P131_RS.- Apostar pola continuación dos programas de voluntariado da OCV (EpD - Educación para o Desen-	P123_RS; UC: VCFRS P124_RS; UC: VCFRS P125_RS; UC: VCFRS

Obxectivo estratéxico	Obxectivos operativos	Accións ou programas que se desenvolven e unidades responsables	
		volvemento - e sensibilización, aulas interculturais...), así como xornadas de sensibilización e talleres específicos	P126_RS; UC: VCFRS P127_RS; UC: VPAID P128_RS; UC: VCFRS P129_RS; UC: VCFRS P130_RS; UC: VCFRS Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deportes, Secretaría Xeral Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social
	RS_OP14 Facilitar a accesibilidade ás instalacións que fagan desaparecer as posibles barreiras	P132_RS.- Inclusión de accións de formación e sensibilización sobre o respecto á diversidade e aos dereitos das persoas P133_RS.- Oferta de contidos formativos sobre accesibilidade e DUA-A (Deseño Universal e Aprendizaxe Accesible) para toda a comunidade universitaria. P134_RS.- Comezo dun proxecto piloto de innovación baseado no deseño universal de aprendizaxe. P135_RS.- Fomento da desaparición das barreiras arquitectónicas.	P132_RS; UC: VCFRS P134_RS; UC:

4. INTERNACIONALIZACIÓN

Os obxectivos estratéxicos desta unidade son 5: i) potenciar un ambiente universitario internacional; ii) unha mobilidade internacional crecente por motivos de estudo e prácticas curriculares; iii) mellorar as competencias lingüísticas en idiomas estranxeiros de toda a comunidade universitaria; iv) potenciar a proxección e a presenza internacional da UDC e v) optimizar a xestión académica e administrativa para desenvolver os programas de internacionalización.

4.1. Potenciar un ambiente universitario internacional

Cómpre salientar os obxectivos operativos relativos á internacionalización das titulacións, o impulso das actividades de *internationalisation at home* (internacionalización na casa), a elaboración dunha oferta de programas de *study abroad*, a ampliación do número de cursos ofertados na ISS, o aumento do número de dobres titulacións internacionais, a promoción de proxectos educativos internacionais e a mobilidade con latinoamérica (27.000€). A isto deberíamos engadir a potenciación dos intercambios virtuais que lle permita ao profesorado desenvolver a internacionalización do currículo así como a organización de actividades de proxección exterior.

Os programas máis sobresaíntes serían a publicación da X Edición da International Summer School (24.000€), a consolidación dos programas de docencia en inglés nos niveis de grao e mestrado e os premios que contribúen a fornecer a visibilidade da UDC (*Premio ao Estudiantado UDC Erasmus Ambassador* (1.500€) e o International Student Ambassador para todo o estudante estranxeiro, de mobilidade ou non, da nosa institución) ao tempo que dan cumprimento recoñecemento do labor do PDI neste eido como é o caso do premio *International Faculty Award* (1.500€), a oferta de novas dobres titulacións internacionais: dous mestrados e dous programas de doutoramento conxuntos/dobres con Portugal, e a sinatura de convenios específicos con universidades chinesas, panameñas, chilenas, taiwanesas, etc. Tamén destacan a oferta de formación en internacionalización na casa e internacionalización do currículo para PAS e PDI respectivamente, os novos programas de visitantes específicos con universidades estadounidenses, canadianas, mexicanas, chinesas, e a renovación de convenios con Latinoamérica (Colombia, Ecuador, México e República Dominicana, entre outros). Entre as actividades de proxección exterior cabe sinalar como obxectivos operativos os

seguintes: a elaboración dun boletín sobre a internacionalización da UDC de publicación cuatrimestral en colaboración coa comunidade universitaria e axentes externos á universidade, a utilización masiva das redes sociais para a comunicación e divulgación de actividades: *Twitter*, *Facebook*, *Instagram* e plataformas educativas (*Study Portals*), acompañada da actualización constante da páxina web. Isto ven acompañado dunha maior participación en feiras de recrutamento de estudantado, ademáis da participación en novas feiras de *networking*, participación potenciada polo seu formato virtual.

Táboa 17. Obxectivos operativos e accións ou programas asociados ao POA da área de internacionalización

Obxectivo estratéxico	Obxectivos operativos	Accións ou programas que se desenvolven e unidades que coordinan	
Int_OE1: Crear un ambiente universitario internacional	INT_OP1 Reforzar a cooperación Internacional en materia de recoñecemento, mobilidade, calidade e promoción comercial da UDC.	P1_Int Asistencia a feiras internacionais e outros eventos de difusión. P2_Int Participación en redes internacionais. P3_Int Promoción de convenios con institucións estranxeiras para a captación de alumnado e persoal. P4_Int Simplificación da admisión de estudantado internacional regular. P5_Int Convocatoria de bolsas de matrícula para o estudantado estranxeiro e facilidades para o seu acceso á residencia universitaria. P6_Int Programas de refuxiados da OCV para a cooperación internacional. P7_Int Acción dirixida ao fomento da participación de profesorado estranxeiro no ensino regulado. P8_Int Convocatoria de programas para intercambios virtuais. P9_Int Oferta de formación en internacionalización na casa e internacionalización do currículo para PAS e PDI respectivamente. P10_Int Promoción dos programas de estudantes visitantes (study abroad programmes). P11_Int Consolidación da organización da International Summer School (ISS).	P1_Int; UC: VIC P2_Int; UC: VIC P3_Int; UC: VIC P4_Int; UC: SOA e VIC P5_Int UC: VIC E SAPE P6_Int; UC: OCV P7_Int; UC: ORI P8_Int; UC: VIC P9_Int; UC: VIC P10_Int ; UC: VIC e CL P11_Int; UC: ORI
	INT_OP2 Consolidar e potenciar os programas formativos e a oferta docente internacional.	P12_Int.- Promoción de participación en accións conxuntas como Erasmus Mundus, European Universities. P13_Int.- Convocatoria de axudas ao persoal para fomentar o desenvolvemento de titulacións internacionais. P14_Int.- Revisión do programa de incentivos orientados a promover a internacionalización a través de recoñecementos institucionais (premios, axudas etc.). P15_Int.- Implantación de oferta estable de materias nos graos bilingües. P16_Int.- Incentivos para o profesorado participante nos programas en inglés: descontos no POD,	P12_Int.; UC: VIC P13_Int.; UC: ORI P14_Int.; UC: VIC P15_Int.; UC: PROFESORADO e

		mérito para docencia, mérito para complementos da ACSUG. P17_Int.- Consolidación do Programa de Apoio Lingüístico (PALDI). P18_Int.- Incentivar a participación nos cursos EMI (“English as a Medium of Instruction”). P19_Int.- Programas de seguimento para o profesorado acreditado. P20_Int.- Avaliación dos programas de docencia en inglés que xa están implantados, cara á consecución da máxima calidade docente.	VIC P16_Int.; UC: PROFESORADO P17_Int.; UC: CL P18_Int.; UC: VIC P19_Int.; UC: VIC e CL P20_Int.; UC: VIC
--	--	--	---

4.2. Conseguir unha mobilidade internacional crecente por motivos de estudo e prácticas

No obxectivo estratéxico 2, destinado a conseguir unha mobilidade internacional crecente por motivos de estudo e prácticas curriculares ou extracurriculares, encádranse os obxectivos operativos que inclúen impulsar a mobilidade internacional de toda a comunidade universitaria, fomentar a realización de prácticas no estranxeiro para o alumnado e as persoas tituladas da UDC, aumentar o atractivo da UDC para o estudantado estranxeiro, mellorar a visibilización das oportunidades de internacionalización para a comunidade universitaria e a priorización das sinaturas de novos convenios de mobilidade segundo criterios estratéxicos e de calidade. As accións máis relevantes céntranse na apertura de novos destinos para que toda a comunidade universitaria poida realizar mobilidades tanto a nivel dos países do programa como a nivel de países asociados (Erasmus + KA131 e KA171) e tratar de forxar, deste xeito, novas alianzas de cooperación internacional no eido do ensino e da investigación. Merece especial mención o pulo que se lles tratará de dar ás mobilidades con fins de prácticas ao intensificar a difusión do programa e tratar de facilitar a procura de destinos mediante contactos con empresas e/ou institucións do exterior. Unha zoa estratéxica está a ser a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. A UDC participa no proxecto UNISF (Universidade sen Fronteiras) do que xa están a desenvolverse un mestrado e dous programas de doutoramento conxuntos. Estúdase a participación en novos consorcios internacionais co FCEER.

O impulso á proxección exterior en América Latina materialízase nos diversos convenios asinados con institucións de México, Ecuador, Arxentina, República Dominicana, Panamá, Chile e Colombia para formar estudantes de mestrado e mesmo persoal docente dalgunhas institucións de educación superior. A participación en organizacións internacionais como a AUIP contribúe ao fortalecemento das relacións con estes países. Ademáis, Latinoamérica destino estratéxico estase a impulsar mediante bolsas para mobilidade docente (7.500 euros).

Co obxecto de potenciar, visibilizar e recoñecer a internacionalización desenvólvense prioritariamente dúas accións dentro da comunidade universitaria: o Premio ao Profesorado Internacional e o Premio ao Embaixador Erasmus UDC destinado ao estudantado propio que se fará extensible ao estudantado internacional co obxectivo de promocionar a UDC no exterior. Na liña do aumento paulatino do estudantado estranxeiro que se matricula en graos, mestrados e

programas de doutoramento, a UDC elaborará un plan de apoio ao estudiantado estranxeiro regular.

Co obxecto de potenciar a cooperación internacional en países con índice de desenvolvemento humano medio e baixo, a UDC abrirá dúas convocatorias para a mobilidade a estes países tanto de estudiantado (22.000 €), como do PDI e PAS (7.000 €).

Táboa 18.- Síntese dos obxectivos estratéxicos e operativos e programas asociados ao POA de Internacionalización

Obxectivo estratéxico	Obxectivos operativos	Accións ou programas que se desenvolven e Unidade Responsable ou coordinadora	
Int_OE2: Consegui unha mobilidade internacional crecente por motivos de estudo e prácticas laborais	INT_OP3 Intensificar e promover a mobilidade con servizos de apoio e unha oferta atractiva de forma- ción e prácticas	P21_Int Aumento do número de convenios de mobilidade. P22_Int Comunicación das vantaxes da participación en accións internacionais. P23_Int Impulso activo na participación do PAS nas Staff Weeks que teñen lugar na UDC e no estranxeiro. P24_Int Fomento das colaboracións estratéxicas en materia de prácticas para impulsar a internacionalización e a empregabilidade e o emprendemento do estudantado. P25_Int Creación dun sitio web que aglutine as posibilidades de prácticas que ofertan as empresas/ institucións a nivel europeo. P26_Int Creación do UDC Welcome Centre. P27_Int Colaboración coas asociacións e representantes de estudantes (ESN, AEGEE etc.). P28_Int Creación dun plan de apoio ao estudantado estranxeiro. P29_Int Financiamento para a participación in situ da comunidade universitaria en proxectos de apoio ao desenvolvemento. P30_Int Fomento de estadias de mobilidade de estudantado e persoal procedente destes países.	P21-P28; UC: VIC/ORI P29-P30; UC OCV

4.3. Mellorar as competencias lingüísticas en idiomas estranxeiros de toda a comunidade universitaria

No obxectivo estratéxico 3, mellorar as competencias lingüísticas en idiomas estranxeiros de toda a comunidade universitaria, atópanse os seguintes obxectivos operativos: facilitar e impulsar a formación en idiomas de toda a comunidade universitaria, fomentar a acreditación lingüística de alumnado e profesorado e apoiar e motivar o profesorado que imparte docencia en inglés. Mantense a oferta formativa en linguas, así como a oferta de acreditación oficial do idioma inglés que lle permite conseguir a dita acreditación a toda a comunidade universitaria, mesmo PAS, na liña da figura do PAS internacional nos diversos servizos. Facíltanse as canles de aprendizaxe de idiomas mediante as convocatorias de competencias lingüísticas (30.000€) de cara á realización dunha mobilidade ou para a formación xeral en linguas (apoio ao multilingüismo) e incídese nos programas de apoio lingüístico para o profesorado que imparta docencia en inglés (PALDI) que inclúen formación, acreditación, asesoramento e seguimento: EMI, CIDI, EMI follow-ups e observación directa na aula. O PALDI vaise complementar con cursos específicos de pronuncia en lingua inglesa (1500€) e de inglés para a docencia (1.500€) impartidos no Centro de Linguas. Unha parte importante para levar a cabo neste sentido é a avaliación dos programas por parte de estudantado e profesorado para analizar a situación real deste proceso de ensino-aprendizaxe en lingua estranxeira e proporcionar, en consecuencia, formación segundo as necesidades.

Traballárase tamén no sentido de converter a UDC, a través do seu Centro de Linguas, nunha referencia para o ensino de español para estranxeiros aproveitando as posibilidades do noso contorno como destino turístico. Este ano repetiremos a experiencia pasada de converter á UDC nun centro de debate sobre aspectos de internacionalización conxugando isto coa aprendizaxe do español para persoal docente e de administración e servizos de calquera parte do mundo.



Táboa 19.- Síntese dos obxectivos estratéxicos e operativos e programas asociados ao POA de Internacionalización

Obxectivo estratéxico	Obxectivos operativos	Accións ou programas que se desenvolven	
OE3: Mellorar as competencias lingüísticas en idiomas estranxeiros de toda a comunidade universitaria	INT_OP4 Favorecer a impartición de formación permanente en inglés e fomentar a participación de toda a comunidade universitaria	P31_Int Mantemento da oferta de todos os cursos, tanto en niveis como en diversidade dos idiomas, do Centro de Linguas. Adaptación destes cursos ás novas demandas e necesidades da comunidade universitaria. P32_Int Convocatoria de bolsas para mellorar as competencias lingüísticas para o profesorado e o estudiantado co fin de cursar idiomas no CdeL. P33_Int Organización de cursos de carácter práctico e funcional en lingua inglesa destinados a distintos colectivos do PAS en consonancia co plano de formación deste colectivo. P34_Int Incremento da oferta de cursos de nivel que acrediten o coñecemento de linguas. P35_Int Impulso dos convenios con institucións de acreditación para diversos idiomas. P36_Int Creación dun novo servizo de asesoría lingüística. P37_Int Creación dun hub de recursos lingüísticos para a documentación administrativa en inglés.	P31-P32-P34-P35-P36-P37; UC: VIC P33; UC:CL

4.4. Potenciar a proxección e a presenza internacional da UDC

Promover a participación en redes, proxectos e programas internacionais educativos, de innovación e de Investigación e promover a imaxe de marca da UDC e as accións de comunicación de cara ao exterior. Para isto, vanse desenvolver xornadas de difusión sobre accións do Erasmus+, de internacionalización da UDC, de formación sobre a xestión e a execución dos proxectos Erasmus+ ou a organización de Staff Weeks de docencia específica nos centros. De igual xeito, vanse fomentar os convenios con empresas/institucións estratéxicas para o desenvolvemento internacional da UDC. Tamén se vai potenciar o financiamento de accións para a participación da UDC en redes e proxectos. Existe tamén un apoio ao desenvolvemento de proxectos con persoal técnico e con persoal técnico especializado en cooperación. Como accións máis concretas destacan a optimización dos contidos da páxina web, a contratación dunha plataforma de difusión (*study portals*, 12.000 €) a dinamización das redes sociais, as accións divulgativas de cara a amosar as oportunidades de internacionalización da UDC (reunións nos centros, *Staff Weeks*, boletíns).

Táboa 20.- Síntese dos obxectivos estratéxicos e operativos e programas asociados ao POA de Internacionalización

Obxectivo estratéxico	Obxectivos operativos	Accións ou programas que se desenvolven	
OE4: Potenciar a proxección e a presenza internacional da UDC	INT_OP5 Promover a participación en redes, proxectos e programas internacionais educativos, de innovación e de investigación	P38_Int.- Xornadas de difusión sobre accións do Erasmus+. P39_Int.- Xornadas de difusión sobre as accións de internacionalización da UDC. P40_Int.- Xornadas de formación sobre a xestión e a execución dos proxectos Erasmus+. P41_Int.- Organización Staff Weeks de docencia específica nos centros. P42_Int.- Fomento de convenios con empresas/ institucións estratéxicas para o desenvolvemento internacional da UDC. P43_Int.- Financiamento de accións para a participación da UDC en redes e proxectos. P44_Int.- Apoio ao desenvolvemento de proxectos con persoal técnico. P45_Int.- Apoio ao desenvolvemento de proxectos con persoal técnico especializado en cooperación.	P38 a P44; UC: VIC/ORI P45; UC: OCV
	INT_OP6 Promover a imaxe de marca da UDC e as accións de comunicación de cara ao exterior	P46_Int.- Optimización dos contidos da páxina web. P47_Int.- Dinamización das redes sociais. P48_Int.- Accións divulgativas de cara a amosar as oportunidades de internacionalización da UDC (reunións nos centros, Staff Weeks, boletíns).	UC: VIC/ORI



4.5. Optimizar a xestión académica e administrativa para desenvolver os programas de internacionalización

Tratase de subministrar a formación e as competencias para traballar nun contorno internacional aberto. Para elo, vaise a planificar cursos relativos á internacionalización da UDC para a formación do PAS e o PDI así como a adecuación das ferramentas informáticas ás necesidades da internacionalización. Por último, vaise a simplificar e adecuar as normativas internas para facilitar as accións internacionais.

Táboa 21.- Síntese dos obxectivos estratéxicos e operativos e programas asociados ao POA de Internacionalización

Obxectivo estratéxico	Obxectivos operativos	Accións ou programas que se desenvolven	
O5: Optimizar a xestión académica e administrativa para desenvolver os programas de internacionalización	INT_OP7 Subministrar a formación e as competencias para traballar nun contorno Internacional aberto	P49_Int.- Planificación de cursos relativos á internacionalización da UDC para a formación do PAS e o PDI. P50_Int.- Adecuación das ferramentas informáticas ás necesidades da internacionalización. P51_Int.- Simplificación e adecuación das normativas internas para facilitar as accións internacionais.	P49; UC: VIC/ORI P50;UC: Informáticos P51; UC: VIC/SOA

5. FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS

Esta área persegue novos modelos de xestión e financiamento máis estables que permitan a sustentabilidade económica mantendo os niveis de calidade que se demandan. Por iso, establécense unha serie de obxectivos orientados a un maior control dos recursos dos que dispoñemos, a unha mellora nos procesos administrativos e a diversificación nos medios de financiamento desenvolvendo alianzas externas e contratos programa que o vinculen á responsabilidade na consecución de obxectivos. Establécense cinco obxectivos estratéxicos.

5.1. Mellorar o rendemento económico-financeiro e control do gasto (ECO_OE1)

O obxectivo é levar a cabo unha xestión baseada no principio de responsabilidade, utilizando os recursos públicos de forma eficiente e sustentable. Para iso é necesario aumentar a coordinación entre unidades que apoian a investigación, dixitalizar a xestión, establecer procedementos comúns para participar en proxectos competitivos, convenios e contratos de I+D+i e reforzar os recursos necesarios para a rápida avaliación de resultados e a mellora da transparencia institucional.

Destacan os seguintes obxectivos operativos: i) Cumprimento do obxectivo de masa salarial fixado pola Lei de Orzamentos de cada ano e ii) do resultado financeiro marcados pola lei de estabilidade orzamentaria; iii) a implantación e iv) publicación dun sistema de contabilidade analítica; v) Integración no sistema informático e financeiro da comunidade autónoma; vi) Medidas de optimización e creación de titulacións compartidas de grao e/ou con baixa demanda en centros propios para os cursos 2022-23 e 2023-24 ou excesivamente replicadas nos diferentes campus e vii) Reforzo institucional dos centros de investigación con recoñecemento por parte da Xunta de Galicia.

Táboa 22.- Síntese dos obxectivos estratéxicos e operativos e programas asociados ao POA de financiamento e uso eficiente dos recursos

Obxectivo estratéxico	Obxectivos operativos	Accións ou programas que se desenvolven e unidades que coordinan	
Eco_OE1: Mellora do rendemento económico-financeiro e control do gasto	ECO_OP1 Optimizar e controlar a xestión Económica e financeira da UDC mellorando a distribución e intensificando o uso de recursos	P1_Eco.- Creación dun grupo de traballo para o control e seguimento mensual do gasto e dos ingresos asociados e para o deseño integral dun sistema para a contabilidade orzamentaria. P1.1_Eco.-: Cumprimento do obxectivo de masa salarial fixado pola Lei de Orzamentos de cada ano P1.2_Eco.-: Cumprimento dos obxectivos de resultado financeiro marcados pola lei de estabilidade orzamentaria P1.3_Eco.-: Integración no sistema informático e financeiro da comunidade autónoma P1.4 Eco.- Medidas de optimización e creación de titulacións compartidas de grao e/ou con baixa demanda en centros propios para os cursos 2022-23 e 2023-24 ou excesivamente replicadas nos diferentes campus P1.5 Eco: Reforzo institucional dos centros de investigación con recoñecemento por parte da Xunta de Galicia. P2_Eco.- Implantación e publicación dun sistema de contabilidade analítica e da integración dos sistemas informáticos. P3_Eco.- Control do gasto de persoal de reforzo. P4_Eco.- Plan de seguimento e control da execución do financiamento alleo (convenios de colaboración en materia de financiamento universitario).	UC: Vepes/Vicexerencia Eco_Fin (P1_Eco, P2, P3) UC: Vepes/TIC (P4)

*Todas estas accións e programas non implican gasto. Supoñen unha mellor aplicación dos recursos económicos.

** Trátase da mellora da eficiencia en base a indicadores académicos máis se inclúe neste apartado xa que o cumprimento deste obxectivo ten implicacións económicas

5.2. Captar recursos de forma proactiva e explorar novas fontes de financiamento públicas e privadas (ECO_OE2)

As Universidades necesitan fondos para poder xerar valor na sociedade, dar continuidade a súas funcións e ser competitiva nunha sociedade cada vez máis global e unha maior incertidume. Ante este escenario debe buscar novas fontes de ingresos, publicas e privadas, que lle permitan sobrevivir nesta contorna global. A UDC propón ser máis proactiva e efectiva na búsqueda de fontes de ingresos que lle permita facer fronte ao incremento do custo da vida e aos novos retos globais.

Táboa 23.- Síntese dos obxectivos estratéxicos e operativos e programas asociados ao POA de financiamento e uso eficiente dos recursos

Obxectivo estratéxico	Obxectivos operativos	Accións ou programas que se desenvolven e unidades que coordinan	
Eco_OE2: Unha captación de recursos proactiva e uns ingresos diversificados	ECO_OP2 Mellorar a captación de recursos e potenciar relacións na contorna	P5_Eco.- Posta en valor das liñas estratéxicas de especialización da UDC a través de demostradores focalizados nos diferentes piares de sustentabilidade e de innovación dixital e tecnolóxica. P6_Eco.- Proposta de novos programas de mecenado, patrocinio e crowdfunding. Xestión económica e xustificación do programa de mecenado do Banco Santander. A dotación é de 600.000€.	UC: VEPES

5.3. Mellorar o aforro económico ou enerxético, avanzar en programas de eficiencia enerxética e renovar as instalacións de climatización, mobiliario e equipamento dacordo a criterios de vida útil mantendo a amortización ou obsolescencia.

Este obxectivo busca o aforro económico ademais do aforro enerxético como consecuencia do seu compromiso medioambiental. Por isto se require un plan de infraestruturas e de mellora dos equipamentos, adecualo aos fins académicos e de servizo ao ben común é á sociedade.

Destacan o paquete de medidas de aforro enerxético aprobado en Consello de Goberno do pasado 3 de novembro. Destacan programas de eficiencia enerxética, a adhesión a centrais de compra (Redexga, CSUC), o investimento en enerxías renovables e a mellora de cubertas como fase previa a implantación das enerxías renovables, nomeadamente os paneis fotovoltaicos. Se consolida a compra de gas e gasóleo a través do CSUC e de REDEXGA, respectivamente. Igualmente, destaca o programa de investimento en enerxías renovables. Ademais destas medidas existen outras entre as que destacan a monitorización dos consumos enerxéticos, o desenvolvemento de programas de proxectos integrais de eficiencia enerxética, o desenvolvemento de programas de mobilidade sustentable, o peche de centros en períodos non lectivos e o impulso do teletraballo nalgúns períodos do curso académico (Nadal e semana da Constitución e da Inmaculada). Tamén destacan medidas centradas no aproveitamento de auga, recursos naturais e recursos hídricos; os programas de educación para a sustentabilidade e a mobilidade e transporte sustentable.

Táboa 245.- Síntese dos obxectivos estratéxicos e operativos e programas asociados ao POA de financiamento e uso eficiente dos recursos

Obxectivo estratéxico	Obxectivos operativos	Accións ou programas e Unidades responsables	
Eco_OE3: Mellorar o aforro económico ou enerxético, avanzar en programas de eficiencia enerxética e renovar as instalacións de climatización, mobiliario e equipamento dacordo a criterios de vida útil man-tendo a amortización ou obsolescencia	ECO_OP3 Mellorar, concienciar e modernizar as infraestruturas orientándoas cara á mellora da eficiencia enerxética e a sustentabilidade ambiental	P7_Eco.- Programas de formación, concienciación e planificación para os usuarios en xestión económica.	UC: Xerencia/Vepes UC: VIS (P10, P11, P13, P14, P15)
		P8_Eco.- Programas de formación, concienciación para os usuarios en termos de eficiencia enerxética.	
		P9_Eco.- Adhesión á rede Redexga (Inega) de centros con compra de enerxía.	
		P10_Eco.- Presentación de proxectos integrais de eficiencia enerxética e enerxías renovables en convocatorias autonómicas e nacionais de financiamento público ou público-privado de concorrência competitiva.	
		P11_Eco.- Desenvolvemento de anteprojectos, proxectos e estudos técnicos.	
		P12_Eco.- Dotación orzamentaria para equipamento tecnolóxico dos diferentes centros docentes vía financiamento alleo.	
		P13_Eco.- Plan de urbanización, rehabilitación e edificación para a Cidade das TIC, para o Campus Industrial de Ferrol, Campus de Elviña, Zapateira, Riazor, Oza e Oleiros.	
		P14_Eco.- Programa de implantación de enerxías renovables en diferentes edificios dos campus da UDC.	
		P15_Eco.- Programas de optimización de usos, espazos e recursos.	

5.4. Captar recursos económicos procedentes dos fondos Next Generation e apoiar a xestión económica e xustificación dos fondos.

Este obxectivo estratéxico coincide noutras áreas estratéxicas pola relevancia que ten. Os proxectos estratéxicos, de recuperación e transformación económica, nomeadamente PERTE, teñen un alto compoñente de colaboración público-privada. Dada a repercusión estratéxica que ten para o progreso da UDC, destinaranse recursos para facilitar a captación e xustificación económica deste tipo de fondo.

Táboa 256.- Síntese dos obxectivos estratéxicos e operativos e programas asociados ao POA de financiamento e uso eficiente dos

Obxectivo estratéxico	Obxectivos operativos	Accións ou programas e Unidades responsables	
Eco_OE4: Captar recursos económicos procedentes dos fondos Next Generation e apoiar a xestión económica e xustificación dos fondos	ECO_OP4 Facilitar a captación de ingresos procedentes de plans europeos dotando de recursos materias, organizativos e humanos	P16_Eco.- Presentación de proxectos integrais de eficiencia enerxética e enerxías renovables en convocatorias de fondos europeos (Fondo REACT, MRR e outros fondos) de financiamento público ou público-privado de concorrencia competitiva. P17_Eco.- Presentación de proxectos estratéxicos para a recuperación, a transformación e a resiliencia (PRTR). P18_Eco.- Creación da Oficina Next Generation e da rede de apoio para o seguimento e execución dos proxectos institucionais e interdisciplinares desenvolvidos con fondos Next Generation EU. P19_Eco.- Formación do persoal da oficina Next Generation EU e de persoal de servizos involucrados na xestión e a xustificación dos fondos. P20_Eco.- Elaboración e presentación de propostas aos fondos Next Generation EU orientados á dixitalización da xestión de investigación, á mellora das infraestruturas e equipamentos da UDC asociados ás liñas de especialización e á mellora en materia de transferencia de coñecemento.	UC: Ve- pes/Xerencia/Control Interno/XF (P16-P20)
	ECO_OP5 Apoiar a xustificación dos fondos Next Generation EU.	P21. Fortalecemento da xestión e xustificación de fondos Next Generation EU.	UC: Ve- pes/Xerencia/Control Interno/XF (P21)

5.5. Unha xestión eficiente, responsable e transparente dos recursos públicos

No que se refire ao obxectivo da xestión eficiente, responsable e transparente dos recursos públicos destacan os obxectivos operativos de afondar no uso das novas tecnoloxías para a xestión e a administración e a mellora dos procesos de contratación e compra de subministracións. Entre os principais programas destacan o incremento do uso do portasinaturas electrónico, o cal está permitindo reducir o custo do papel. Tamén salientamos a implantación dos procedementos automatizados da solicitude de certificacións e o avance da administración electrónica.

Táboa 26.- Síntese dos obxectivos estratéxicos e operativos e programas asociados ao POA de financiamento e uso eficiente dos recursos

Obxectivo estratéxico	Obxectivos operativos	Accións ou programas e Unidades responsables	
Eco_OE5: Unha xestión eficiente, responsable e transparente dos recursos públicos	ECO_OP6 Avanzar na transformación dixital e na administración electrónica para mellorar na política de transparencia e simplificar a automatización de procesos	P22_Eco.- Integración informática coas plataformas de xestión da Xunta (actualmente SILEX, SEF e CODEX) e continuación con UXXI. P23_Eco.- Programa de dixitalización integral da actividade académica, da actividade investigadora, da xestión administrativa e da ciberseguridade. P24_Eco.- Programa de xestión documental para a mellora nas clasificacións vinculadas coa transparencia. P25_Eco.- Plan de formación en competencias dixitais.	UC: Xerencia/VEPES (P22) UC: VPCIT/Area TIC (P23, P24 e P25)
	ECO_OP7 Mellorar os procesos de contratación e compra de subministracións.	P26. Implantación do Programa HRS4R.	UC: VPCIT (OTRI) (P26)